

ASUNTO PLE/2023/00040064W

**ACTA NÚM. 16 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE
TIVO LUGAR O DÍA VINTE E OITO DE SETEMBRO DE 2023.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:00 horas** do día **28 de setembro de 2023**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTEN:

Dona Goretti Sanmartín Rei, Alcaldesa-Presidenta

BNG

Dona Míriam Louzao Fernández
Don Xesús Domínguez Domínguez
Dona Pilar Lueiro García
Don Manuel César Vila
Don Iago Lestegás Tizón

CA

Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

PP

Don Borja Vereja Fraiz
Dona María Baleato González
Dona Yolanda Otero Balsa
Don José Antonio Constenla Ramos
Dona Olaya Otero Sanjurjo
Don José Ramón de la Fuente Rodríguez
Dona Nerea Barcia Guldrís
Don Evaristo Ben Otero
Dona María Rosario Ferreiro Varela
Don Adrián Villa Torres
Don Borja Rubio Somoza

PSdeG-PSOE

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona Marta Abal Rodríguez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Álvarez Vázquez.

Don Juan Ramón González Carnero, interventor municipal.

José Manuel González García, secretario xeral do pleno do Concello de Santiago de Compostela.

ORDE DO DÍA:

1. **SECRETARÍA XERAL.** Referencia: **2023/00040064W.**
Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de xullo de 2023.
2. **ALCALDÍA.** Referencia: **2023/00036882V.**
Determinación dos días festivos locais para o ano 2024.
3. **PLANEAMENTO.** Referencia: **2022/00003175B.**
Aprobación definitiva da Modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9-10 (Estrada de Vigo-Chouchiños).
4. **PLANEAMENTO.** Referencia: **2023/00037144A.**
Proposta de suspensión previa para estudo da reforma do planeamento vixente no ámbito da OE-6 (Escolas de Maxisterio en Xoán XXIII).
5. **OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE.** Referencia: **2023/00035910B.**
Aprobación de expediente de crédito extraordinario 2023-CREXT-06, de importe 38.550,00 €, e de suplemento de crédito 2023-SUPLE-06, de importe 643.033,33 €, que se financian coa aplicación dunha parte do saldo actual do RLTGX 2022 nunha contía de 662.200,00 € e con baixas por anulación nun importe de 19.383,33 €.
6. **OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE.** Referencia: **2023-REC-09.**
Aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para aprobar gastos rexistrados na conta 413 e outros gastos, por importe total de 703.167,26 euros, coa codificación 2023-REC-09.
7. **OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE.** Referencia: **LRP_2023-REC-10.**
Aprobación de levantamentos de reparo de competencia plenaria e expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para aprobar gastos rexistrados na conta 413 e outros gastos, por importe total de 508.254,53 euros, coa codificación LRP_2023-REC-10.
8. **ÁREA IX.- MEDIO RURAL.** Referencia: **2022/00035899G.**
Proposta de levantamento de reparo sobre a certificación ordinaria número 5 da obra “Mellora do vial dende o entorno da N-550 en Barciela ata Casas de Arriba en Cesar: tramo da Igrexa de San Andrés da Barciela ata Cruce de Candelabeira”.
9. **SERVIZOS BÁSICOS.** Referencia: **2023/00040280B.**
Levantamento de reparo suspensivo factura F/2022/7060 (UCGAL).
10. **PRESIDENCIA E TURISMO.** Referencia: **2023/00006246H.**
Rectificación do erro advertido no acordo plenario da sesión extraordinaria de data 9 de marzo de 2023, relativo ao NIF da entidade beneficiaria da subvención nominativa 2023 Junta de Cofradías de Semana Santa de Santiago de Compostela por importe de 3.000,00 euros do centro xestor 33.
11. **Proposición presentada polo grupo municipal do PP para a mellora das condicións da dársena de autobuses de Xoán XXIII.**
12. **Proposición presentada polo grupo municipal do PP para a creación dun**

servizo de autobús lanzadeira ao aeroporto.

13. Proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre a proposta de implantación dunha taxa turística.

14. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: **2023/00021670P.**
Tomar coñecemento da execución orzamentaria do Concello de Santiago e do Auditorio de Galicia a 30/06/2023 e das modificacións orzamentarias do segundo trimestre de 2023 aprobadas por resolución.

15. SECRETARÍA XERAL. Referencia: **2023/00040134A.**
Toma de coñecemento do informe anual da Intervención Xeral sobre resolucións adoptadas pola Presidencia da Corporación contrarias a reparos e resume de anomalías detectadas en materia de expedientes de ingresos e de omisión da función interventora.

16. SECRETARÍA XERAL. Referencia: **2023/00040064W.**
Tomar coñecemento de Resolución da Alcaldía de delegación de data 8 de agosto de 2023.

17. SECRETARÍA XERAL. Referencia: **2023/00040064W.**
Tomar coñecemento de resolucións da alcaldía e das concellaría delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.

18. Rogos, preguntas e interpelacións.

Interpelación:

1. Formulada polo PSdeG-PSOE sobre a parcela do antigo colexio Peleteiro.

Rogos:

1. Presentado polo PSdeG-PSOE relativo á concesión da medalla ao mérito a dous policía locais.
2. Presentado polo PSdeG-PSOE sobre as obras de accesibilidade as rúas Alexandre Bóveda e Carlos Maside en Vite.
3. Presentado polo PSdeG-PSOE relativo ao mantemento e conservación do xardín vertical do muro da avenida de Lugo.

Preguntas orais:

1. Presentada polo PSdeG-PSOE sobre o aparcadoiro no que se converteu a Carballeira de San Lourenzo os días 24 e 25 de xullo.
2. Presentada polo PSdeG-PSOE sobre o incremento económico no servizo de axuda no fogar.
3. Presentada polo PP sobre as axudas ás comisións de festas.
4. Presentada polo PP sobre a demora na concesión da licenza de remodelación do CEGADI para a posta en marcha dunha unidade de coidados intermedios pública.
5. Presentada polo PP sobre a aportación do concello no coste dos servizos madrugadores e comedores escolares.

19. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

1. Presentada polo PSdeG-PSOE para instaurar a gratuidade dos libros de texto e materiais curriculares obrigatorios.
2. Presentada polo PSdeG-PSOE para levar a cabo o recuamento do muro da rúa da

Vedra.

3. Presentada polo PP para o uso de himnos en actos institucionais do concello.
4. Presentada polo PP contra a tramitación dunha Lei de Amnistía.
5. Presentada polo PP para a mellora na execución do Plan de sostiñibilidade turística na cidade.
6. Presentada polo PP para a creación dun plan integral de diversificación económica.

Cumpríméntase así:

1. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2023/00040064W.
APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 27 DE XULLO DE 2023.

O Pleno da Corporación por unanimidade aproba a acta correspondente a sesión ordinaria do día 27 de xullo de 2023.

2. ALCALDÍA. Referencia: 2023/00036882V.
DETERMINACIÓN DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2024.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

A Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade solicitoulle ao Concello de Santiago de Compostela a determinación dos dous días festivos de carácter retribuído e non recuperable que lle compete fixar para o ano 2024.

CONSIDERACIÓNS

O artigo 37.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores, establece que dúas das festas laborais de carácter retribuído e non recuperable serán de carácter local.

Pola súa banda, o artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, dispón que serán inhábiles as festas locais determinadas pola autoridade laboral a proposta do Pleno do concello.

Á vista de canto antecede, propónse á Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, que ditamine o seguinte asunto:

Fixar como días de festa local de carácter retribuído e non recuperable para o ano 2024 os seguintes:

- 9 de maio de 2024, día da Ascensión.
- 16 de agosto de 2024, San Roque.

O Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

Fixar como días de festa local de carácter retribuído e non recuperable para o ano 2024 os seguintes:

9 de maio de 2024, día da Ascensión.

16 de agosto de 2024, San Roque.

3. PLANEAMENTO. Referencia: **2022/00003175B.**
APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM NO ÁMBITO DO SUD 9-10 (ESTRADA DE VIGO-CHOUCHIÑOS).

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1. Obxecto e ámbito da Modificación

A modificación fórmulase de oficio polo Concello de Santiago de Compostela, a través dos Servizos Técnicos de Planeamento e Xestión (SPX), co obxecto principal de executar a sentenza núm. 274/2014 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditada no PO 4761/2007 (EJD 4037/2019)

A sentenza anulou as determinacións do vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) no que atinxe á clasificación de concretos terreos, propiedade do recorrente, incluídos no sector de solo urbanizable SUD 9-10 (Estrada de Vigo-Chouchiños), declarando o Tribunal a súa condición de solo urbano consolidado.

Os terreos afectados pola sentenza son dúas parcelas catastrais, sitas na confluencia da rúa da Volta do Castro coa travesa da Choupana:

5864504NH3456D0001SA (Rúa da Volta do Castro, núm. 2)
5864503NH3456 (travesa da Choupana, núm. 1), dividida en dúas subparcelas, coas referencias 5864503NH3456D0001EA e 5864503NH3456D0000WP

No ámbito de estudo da presente modificación inclúense tamén as parcelas 5864501NH3456 e 5864502NH3456, xa edificadas e suxeitas á ordenanza 9 A do PXOM.

2. Planeamento vixente

O PXOM vixente inclúe os terreos afectados pola sentenza no ámbito do SUD 9-10, coa clasificación de solo urbanizable, e os cualifica como sistema viario, destinados a completar a rotonda de enlace da rúa da Volta do Castro coa travesa da Choupana.

As determinacións para o desenvolvemento do sector SUD-9-10 régulanse no artigo 67 do PXOM.

Os terreos lindantes, non incluídos no ámbito do SUD 9-10, teñen no PXOM vixente a clasificación de solo urbano consolidado, e son edificables nas condicións da ordenanza 3.

3. Xustificación e contido da Modificación

O obxectivo principal da reforma é dar estrito cumprimento á sentenza do TSXG, que impón a categorización de dúas parcelas catastrais como solo urbano consolidado. Isto obriga a excluílas do sector de solo urbanizable SUD 9-10, e a definir a súa nova cualificación urbanística.

En consecuencia, procédese a excluír do SUD-9-10 a parcela catastral 5864504NH3456D0001SA, e parte da 5864503NH3456⁽¹⁾, quedando as dúas parcelas afectadas clasificadas na súa totalidade como solo urbano consolidado.

Ao manterse a cualificación dos terreos excluídos como sistema viario, procédese a axustar as previsións do Estudo económico financeiro do Plan xeral relativas á execución do enlace viario, ao se tratar dunha infraestrutura do sistema viario local de especial interese para garantir a mobilidade nesta zona da cidade. Así, en cumprimento do disposto polos artigos 59.2 da LSG e 143 do RLSG, avalíase o custo de expropiación do solo destinado á rotonda de enlace na rúa da Volta do Castro, que podería adquirirse pola administración municipal a través de calquera dos procedementos habilitados pola lexislación do solo de Galicia para a obtención de dotacións en solo urbano consolidado (artigos 129.1 da LSG e 315.1 do seu Regulamento).

A MP prevé que parte dos terreos necesarios se obteñan por cesión obrigatoria en cumprimento do disposto nos artigos 20.a) da LSG e 30.a) do RLSG, que obrigan aos propietarios de solo urbano consolidado a *ceder gratuitamente á administración titular da vía os terreos destinados a vías situados fóra das aliñacións establecidas no planeamento cando pretendan parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente*. Así, no plano de ordenación núm. 4 figura delimitado o terreo de cesión obrigatoria esixible aos propietarios da parcela 5864503NH3456, para os efectos de cumprimento do deber de cesión de vías establecido na normativa aplicable.

Polo que atinxe á urbanización ou execución do enlace viario, remítese a un proxecto específico de obras que asegure a súa correcta integración no contorno, coa previa autorización do órgano competente en materia de protección do patrimonio cultural. Con esta finalidade propónse instar a colaboración da Xunta de Galicia, ao se tratar dunha actuación vinculada á integración do Camiño Portugués, ao tempo que resulta determinante para resolver a accesibilidade ao Complexo do Hospital Clínico Universitario.

A MP inclúe un Estudo económico-financeiro, que incorpora tamén as memorias de viabilidade e de sostibilidade económicas esixidas polo artigo 143 do RLSG.

En cumprimento do esixido polo artigo 75.2 da vixente Lei 5/2010 do patrimonio cultural de Galicia (LPCG), incorpórase á ordenación do SUD 9-10 o trazado do Camiño Portugués que consta definitivamente aprobado pola Xunta de Galicia a través do Decreto 154/2013, do 5 de setembro, *polo que se aproba a delimitación dos tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, Ruta da Prata e Camiño de Fisterra ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela* (publicado no Diario Oficial de Galicia número 184 do 26.09.13).

A transposición deste novo trazado do Camiño Portugués –que difire do previsto no PXOM vixente- obriga a revisar as condicións particulares definidas no artigo 67, en particular no que atinxe ao emprazamento dos espazos libres públicos, que deberán situarse na zona de protección do camiño. Esta afección do Camiño Portugués, unida

¹ *A outra parte desta parcela xa figuraba no PXOM vixente coa condición de solo urbano consolidado.*

á que resulta dos outros elementos catalogados no ámbito (Castrinho de Conxo e petroglifo), fai preciso que se *compacte* a edificación nas zonas libres de afección sectorial. A tal fin, propónse establecer como uso global característico a vivenda colectiva, ampliar a tolerancia dos usos terciarios e dotacionais -mesmo en edificio exclusivo- ata un 50% da edificabilidade total, e suprimir o límite de densidade (33 viv/ha) fixado no Plan xeral vixente.

Complementariamente, modifícanse tamén as condicións de edificación da parcela de solo urbano que da fronte á travesa da Choupana (5864503NH3456) como de seguido se resume:

- Defínense na normativa e nos planos de ordenación as aliñacións, liñas de edificación e altura máxima (B+4), así como o solo de cesión obrigatoria, para os efectos do artigo 30.a) do RLSG.
- En todo o non previsto expresamente, aplicárase a ordenanza 4 do PXOM.
- Calquera actuación na parcela e no ámbito delimitado polo DEC/154/2013 esixe a previa autorización da DXPC.

No ámbito das parcelas. 5864501NH3456 e 5864502NH3456, xa edificadas e suxeitas á ordenanza 9 A, non se altera a ordenación vixente, limitándose a modificación puntual a introducir a seguinte previsión:

No contexto dunha rehabilitación integral das edificacións ou dunha actuación para a mellora da accesibilidade, poderá estudarse a incorporación dalgún dos espazos situados entre os bloques á rede de itinerarios públicos peonís da cidade.

Polo exposto, a modificación fundaméntase en razóns de estrita legalidade, derivadas da execución da sentenza e do cumprimento da normativa específica de protección do patrimonio cultural no ámbito territorial afectado.

4. Resultado do trámite de participación pública e informes sectoriais

A Modificación aprobouse inicialmente polo Pleno Municipal o 22 de decembro de 2021 e someteuse a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia e no xornal *La Voz de Galicia* o día 7 de marzo de 2022.

Non consta a formulación de alegacións durante o trámite de participación pública.

Con data 26 de xullo de 2022 a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu o informe esixido polo artigo 60.7 da LSG sobre os informes sectoriais autonómicos e sobre o resultado do trámite de audiencia aos Concellos limítrofes. Constan emitidos informes polo Concello de Boqueixón, polo Servizo de Prevención e Control integrados da Contaminación, polo Instituto de Estudos do Territorio, e pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, todos eles favorables á Modificación proposta.

Solicitado informe á Delegación do Goberno en Galicia, recibíronse os informes favorables da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, das Direccións Xerais de Telecomunicacións e de Política Enerxética, e do Ministerio de Defensa.

O Concello solicitou con data 21.01.2022 informe á Dirección xeral de Aviación civil, do que non se obtivo contestación, non estando o ámbito afectado polas servidumes

aeronáuticas reflectidas no visor da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA), segundo indica o informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio.

5. Aprobación provisional e informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

A Modificación aprobouse provisionalmente polo Pleno Municipal o día 29 de setembro de 2022, sen modificacións respecto da inicialmente aprobada.

Con data 12 de xullo de 2023 a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio emitiu informe favorable á aprobación definitiva, condicionado á emenda de dúas cuestións:

- Na ordenanza 4 Edificación en bloque deberá sinalarse a aplicación da ordenanza 4 do PXOM en todo o que non se atope especificamente regulado na Modificación.
- Puntualizarase o carácter meramente indicativo das previsións de financiamento a cargo de entidades e administracións distintas do Concello de Santiago.
- Ámbalas dúas cuestións foron xa integradas no documento que se somete a aprobación definitiva, elaborado en setembro de 2023.

De conformidade co disposto no artigo 61.2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, en relación co 123.1.i) da Lei 7/1985 de bases do réxime local (LBRL), o Pleno Municipal é o órgano competente para adoptar o acordo de aprobación definitiva.

Consonte ao disposto no artigo 123.2 da LBRL, o acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

No expediente consta a conformidade do secretario xeral do Pleno Municipal ao informe-proposta de aprobación inicial.

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, que adopte o seguinte acordo:

Aprobar definitivamente a Modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9-10 (Estrada de Vigo-Chouchiños), segundo o documento formulado polos Servizos Técnicos Municipais de Planeamento en setembro de 2023.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa urbanística publicarase no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a Modificación puntual do PXOM no Rexistro Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.”

Á vista da proposta transcrita que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e

Servizos na súa sesión ordinaria do día 21 de setembro do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

Aprobar definitivamente a modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9-10 (Estrada de Vigo-Chouchiños), segundo o documento formulado polos Servizos Técnicos Municipais de Planeamento en setembro de 2023.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa urbanística publicarase no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a Modificación puntual do PXOM no Rexistro Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

4. PLANEAMENTO. Referencia: 2023/00037144A.

PROPOSTA DE SUSPENSIÓN PREVIA PARA ESTUDO DA REFORMA DO PLANEAMENTO VIXENTE NO ÁMBITO DA OE-6 (ESCOLAS DE MAXISTERIO EN XOÁN XXIII).

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

Con data 13 de setembro de 2023 o concelleiro delegado de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica ditou a seguinte providencia:

“O edificio das antigas Escolas de Maxisterio (referencia catastral 7484803NH3478C0001TZ), sito na avenida de Xoán XXIII, nun espazo de transición entre a Cidade Histórica e o barrio de Vite, alberga actualmente o centro de ensino infantil e primario (CEIP) “López Ferreiro” e as facultades de Enfermaría e de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Proxectado en 1967 por Fernando Moreno Barberá para formar o futuro profesorado, trátase do derradeiro edificio construído en Galicia por este arquitecto. Constitúe un exemplo relevante da arquitectura docente do século XX e posúe uns valores culturais e arquitectónicos que xustifican a protección dos seus elementos de interese patrimonial, como así indica a proposta de catalogación formulada por este Concello.

O vixente *Plan xeral de ordenación municipal* (PXOM), a través da disposición final 3ª da súa normativa, remite a ordenación deste ámbito á *Modificación puntual do Plan xeral para a creación da ordenanza especial OE-6*, que consta aprobada definitivamente polo Pleno Municipal o 26.07.2002.

A ordenanza aplicable (OE-6) define as condicións de edificación do ámbito e delimita dúas parcelas: unha cualificada como sistema local de equipamento docente (DEGB-10, identificada no Plan xeral como DOC-10), e outra de uso *hoteleiro* -con uso comercial compatible-, na que se atopan as facultades de Enfermaría e de Ciencias da Educación.

Esta *recualificación* da parcela para uso hoteleiro traía causa dun protocolo asinado no ano 1999 polo Concello coa Xunta de Galicia e coa USC para a creación do novo *Campus de Ciencias da Saúde*, que prevía o traslado dos estudos universitarios existentes a outras zonas da cidade, e a asignación de novos usos urbanísticos ás parcelas desafectadas.

Pasados xa máis de 20 anos dende a aprobación da ordenanza especial OE-6 sen que se teñan executado as súas determinacións, cómpre revisalas e adaptalas ás novas necesidades de interese público e ás actuais demandas de ordenación da cidade. A súa posición estratéxica no bordo da Cidade Histórica —onde xa existe unha ampla oferta de establecementos hoteleiros— aconsella preservar o uso dotacional do edificio existente e garantir a protección dos seus elementos de interese cultural e ambiental. Por outra banda, en febreiro de 2023 o Concello aprobou unha nova ordenación de usos urbanísticos para preservar a función residencial da cidade e protexer aqueles usos que proporcionan servizos directos á poboación residente. Co fin de garantir o desenvolvemento urbano sostible, considerouse necesario limitar a compatibilidade das actividades de hospedaxe para evitar a proliferación dos usos vinculados ao turismo que tenden a desprazar os servizos de proximidade e os usos dotacionais. Permitir que se substitúa o uso dotacional polo hoteleiro non semella coherente cos criterios da regulación de usos sinalados na memoria xustificativa da Modificación Puntual recentemente aprobada. Tampouco é o máis axeitado segundo as Directrices de ordenación do territorio (DOT) aprobadas pola Xunta de Galicia, que nas súas determinacións orientativas de protección do patrimonio cultural outorgan preferencia aos usos que sexan máis compatibles cos orixinais do edificio (9.10).

De todo o anterior, conclúese que existen motivos de interese público que aconsellan estudar as posibilidades de modificar o planeamento vixente no ámbito da OE-6.

De xeito complementario, estímase conveniente suspender aquelas intervencións que poidan logo devir incompatibles coa futura ordenación, debendo someterse esta cuestión a informe xurídico dos servizos municipais.

Con base no exposto, **RESOLVO:**

Primeiro: Encomendar aos servizos técnicos de Planeamento e Xestión o estudo da modificación do planeamento vixente no ámbito da ordenanza especial OE-6, co fin de protexer os elementos de interese patrimonial do edificio das antigas Escolas de Maxisterio e preservar o seu uso dotacional.

Segundo: Propoñer ao órgano competente que adopte, se procede, o acordo de suspensión facultativa previsto no artigo 47.1 da Lei 2/2016 *do solo de Galicia*, co fin de evitar a obtención de títulos habilitantes de obras e de actividades que poidan devir incompatibles cos obxectivos da reforma.”

Á vista da providencia que acabamos de transcribir, procede efectuar as seguintes

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

Primeira. Sobre o planeamento vixente no ámbito da OE-6

A ordenanza especial OE-6 creouse a través dunha Modificación puntual (MP) do anterior Plan xeral de 1989 (PXOU), aprobada definitivamente o 26 de xullo de 2002, cuxa normativa consta publicada no BOP 24 de outubro de 2002.

O vixente *Plan xeral de ordenación municipal* (PXOM), na disposición final 3ª da súa normativa, remite a ordenación do ámbito á citada MP aprobada con anterioridade, que adquiriu así a condición de planeamento *remitido*, consonte ao previsto no artigo 105.2 do *Regulamento de desenvolvemento da lei do solo de Galicia* (RLSG).

O PXOM vixente cualifica a parcela ocupada polo colexio CEIP *López Ferreiro* como sistema local de equipamento docente e deportivo (DOC-10/DEP-23), de cesión obrigatoria ao Concello de Santiago.

O resto dos terreos -ocupados polas Facultades de Enfermaría e Ciencias da Educación-, cualifícanse na MP para uso hoteleiro e comercial *compatible*, cunha superficie edificable máxima de 11.500 m²c.

Na MP establécense as seguintes cesións obrigatorias a favor do Concello de Santiago:

- Un terreo de 947 m² destinado a ampliar a beiravía
- A parcela docente DEGB-10, coa edificación nela existente, “habendo de sinalarse, na formalización desta cesión, as condicións nas que o Concello recibirá as instalacións”

Non consta que se teñan formalizado as cesións obrigatorias, nin executado as outras determinación da ordenanza.

Segunda. Sobre a potestade de modificar o planeamento vixente (*ius variandi*)

A natureza normativa dos plans, por unha banda, e a necesidade de adaptalos ás esixencias sempre cambiantes do interese público, por outra, xustifican plenamente o *ius variandi* que se outorga á administración en materia de planeamento (STS 20.01.92)

A administración urbanística competente, en virtude do carácter *dinámico* que é inherente á función planificadora, non só pode, senón que debe exercer esta facultade que a lei lle atribúe, cando novos criterios ou novas necesidades urbanísticas fagan necesaria ou conveniente a reforma do plan en vigor.

Así, a STS de 14.02.2007 indica que a revisión do planeamento constitúe, non só unha potestade da administración, senón mesmo un deber cando as circunstancias concorrentes así o demanden para o mellor servizo ao interese xeral.

Polo tanto, non cabe dúbida de que a potestade de planeamento inclúe a da súa reforma, substitución ou modificación, para acomodalo ás esixencias do interese público, susceptibles de cambiar mesmo co só devir temporal.

Terceira. Sobre a xustificación da reforma

Dada a natureza discrecional do planeamento urbanístico, calquera modificación das súas determinacións debe basearse en razóns de interese público debidamente xustificadas (artigo 83.1 da Lei 2/2016 do solo de Galicia)

De acordo coa proposta do concelleiro delegado de Urbanismo, transcorridos xa máis de 20 anos dende a aprobación da ordenanza vixente (OE-6) sen que se teña executado ningunha das súas determinacións, estímase conveniente analizar se é coherente coas novas necesidades de ordenación da cidade.

No expediente consta unha proposta de catalogación do edificio elaborada polo Concello, na que se describe o interese patrimonial do edificio existente, que foi proxectado por Moreno Barberá nos anos 60 para formar ao profesorado. A súa posición estratéxica no contorno da cidade histórica, e a súa especial significación cultural e ambiental, demandan a protección do planeamento, non só en canto a preservar os seus caracteres máis relevantes, senón tamén á hora de definir os usos permitidos.

Na proposta do concelleiro faise tamén referencia aos criterios de ordenación de usos explicitados na memoria xustificativa da MP do PXOM aprobada definitivamente o 16 de febreiro de 2023, que pretenden aproximar os servizos e dotacións á comunidade residente, e limitar o crecemento das actividades de hospedaxe e demais vinculadas ao turismo. Así mesmo, faise mención das *Directrices de ordenación do territorio* (DOT), que recomendan preservar os usos que sexan compatibles cos orixinais dos inmobles que integran o patrimonio cultural. Estes criterios obrigan a reflexionar sobre as posibles utilizacións dun edificio concibido para uso docente e que sempre formou parte do sistema de dotacións da cidade, nun percorrido habitual de tránsito entre a cidade histórica, o Campus Norte e outros equipamentos públicos (biblioteca Ánxel Casal, Auditorio de Galicia)

Existen pois razóns de interese xeral que aconsellan estudar as alternativas de ordenación desta peza, asegurando o desenvolvemento urbano sostible da zona.

Cuarta: Sobre a suspensión previa de licenzas e actos de comunicación previa

A lexislación do solo de Galicia (artigos 47.1 da Lei 2/2016 do *solo de Galicia* e 86.1 do seu Regulamento) habilita a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de edificación, parcelación e demolición *para áreas ou usos determinados*, cando se estea a estudar a formación ou a reforma do planeamento urbanístico.

Esta suspensión facultativa, de carácter previo e cautelar, ten por finalidade asegurar a efectividade da futura ordenación urbanística, evitando a consolidación de aproveitamentos que, sendo conformes co plan en vigor, poden devir incompatibles ou contrarios coa futura ordenación en proxecto.

A súa fundamentación baséase na protección do interese público ínsito no exercicio da potestade de planeamento, que aconsella impedir que se consoliden dereitos ao abeiro dunha norma en proceso de revisión.

La suspensión del otorgamiento de licencias es una medida legítima que protege la efectividad del planeamiento que se proyecta impidiendo que puedan producirse aprovechamientos del suelo que, siendo conformes con la ordenación en vigor, vayan a dificultar la realización efectiva del Plan futuro o su reforma. (STS do 12 de febreiro de 2002 RJ2002\1611).

No suposto que nos ocupa, a suspensión previa trae causa da necesidade de estudar a reforma da ordenación vixente no ámbito, co fin de protexer os valores do edificio existente e reconsiderar os usos compatibles. Polo tanto, a adopción da medida

cautelar de suspensión previa ou facultativa xustifícase na conveniencia de evitar a consolidación de obras e usos que poderían devir incompatibles coa futura ordenación da zona, que se atopa xa en estudo polos servizos técnicos municipais.

Actos obxecto de suspensión

O artigo 86.1 do RLSG dispón que poderán ser obxecto de suspensión os *actos de parcelación, de edificación e de derruba para áreas ou usos determinados*.

No apartado 3 do mesmo artigo relaciónanse os actos que non poden ser obxecto de suspensión, indicando que esta non poderá afectar:

a) Ás obras de mantemento, conservación e reforma, agás no caso de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables á reconstrución total do edificio non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan un aumento do volume edificado.

b) Ás licenzas de primeira ocupación.

c) Aos proxectos que cumpran simultaneamente o instrumento de planeamento en vigor e a revisión ou modificación deste, sempre que esta fose aprobada inicialmente.

d) Aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados polo novo planeamento.

Atendendo aos obxectivos e criterios da reforma, estímase necesario que a suspensión afecte tanto os actos de parcelación, edificación e derruba, como aos de inicio de novas actividades.

O artigo 86.3.a) impide que a suspensión poida afectar ás obras de reforma, agás cando supoñan reconstrución total ou incremento do volume edificado. Nembargantes, sendo un dos obxectivos principais da modificación a protección do edificio existente, cómpre suspender aquelas actuacións de reforma que poidan devir incompatibles coa protección dos elementos de interese do edificio existente.

Duración temporal

Segundo dispoñen os artigos 47.1 da LSG e 86.1 do RLSG, a suspensión facultativa terá unha duración máxima dun ano (1 ano), sen prexuízo de que, unha vez adoptado o acordo de aprobación inicial do instrumento de planeamento, este determine unha nova suspensión automática por un prazo máximo de 2 anos.

Extinguidos os efectos da suspensión, non poderán acordarse novas suspensións no prazo de catro anos con idéntica finalidade.

De conformidade co regulado no artigo 86 do RLSG, o acordo de suspensión adoptárase polo órgano competente para aprobar inicialmente o Plan cuxa reforma se está a estudar. A competencia para adoptar neste caso o acordo de suspensión corresponde ao Pleno Municipal, ao ser este o órgano que ten atribuída a competencia para aprobar inicialmente calquera modificación do planeamento xeral (artigo 123.1.i) da LBRL).

Ao se tratar dun acordo de suspensión facultativa para estudo, previa ao inicio do procedemento de modificación do PXOM, non require o voto favorable da maioría absoluta do Pleno.

O acordo deberá identificar tanto as áreas afectadas como as actuacións que son obxecto de suspensión.

O acordo publicarase no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión da provincia, e a suspensión será efectiva a partires da súa publicación, sen prexuízo da notificación persoal que, de ser o caso, se practique a todos os peticionarios de licenzas afectadas, de conformidade co regulado polo artigo 87 do RLSG.

Ao abeiro do que dispoñen os artigos 47.1 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 86.1 do seu Regulamento (Decreto 143/2016), e co fin de estudar a reforma das determinacións do vixente Plan xeral de ordenación municipal no ámbito da OE-6 (antigas Escolas de Maxisterio), propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, que adopte o seguinte acordo:

Suspender os actos suxeitos a licenza e comunicación previa no ámbito da parcela catastral 7484803NH3478C0001TZ, ocupada polo edificio das antigas Escolas de Maxisterio, hoxe destinado a centro de educación infantil e primaria (CEIP López Ferreiro) e Facultades de Enfermaría e de Ciencias da Educación.

A suspensión afectará aos seguintes procedementos:

1. Ás licenzas de edificación, parcelación e derruba
2. Ás obras de nova edificación, así como ás de rehabilitación integral que resulten asimilables ás de reconstrución total do edificio, agás as de carácter urxente.
3. Ás obras de reforma que supoñan aumento do volume edificado, así como ás que poida devir incompatibles coa protección dos elementos de interese do edificio existente.
4. Aos cambios de uso, así como ao inicio de novas actividades

A suspensión non impedirá a autorización de usos e obras provisionais nos termos do artigo 89 da LSG e 204 do seu Regulamento.

O acordo publicarase no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A suspensión previa será efectiva a partires da súa publicación, e terá a duración DUN ANO (1 ANO), contado a partires da súa publicación no DOG.

Dado o carácter normativo da suspensión, o acordo é impugnabile mediante a interposición de recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dentro do prazo máximo de dous meses contado a partires da publicación.

Do acordo adoptado darase traslado ao Servizo de Licenzas, para o seu coñecemento e efectos que procedan en orden á tramitación dos procedementos en curso e dos que se inicien con posterioridade á publicación do acordo de suspensión.”

Dona María Rozas auséntase da sesión ás 10:32 horas.

Á vista da proposta transcrita que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos na súa sesión ordinaria do día 21 de setembro do corrente ano, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 1 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 12 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP e á concelleira de CA María Rozas Pérez (art. 100.1 ROF), acorda:

Suspender os actos suxeitos a licenza e comunicación previa no ámbito da parcela catastral 7484803NH3478C0001TZ, ocupada polo edificio das antigas Escolas de Maxisterio, hoxe destinado a centro de educación infantil e primaria (CEIP López Ferreiro) e Facultades de Enfermaría e de Ciencias da Educación.

A suspensión afectará aos seguintes procedementos:

1. Ás licenzas de edificación, parcelación e derruba.
2. Ás obras de nova edificación, así como ás de rehabilitación integral que resulten asimilables ás de reconstrución total do edificio, agás as de carácter urgente.
3. Ás obras de reforma que supoñan aumento do volume edificado, así como ás que poida devir incompatibles coa protección dos elementos de interese do edificio existente.
4. Aos cambios de uso, así como ao inicio de novas actividades.

A suspensión non impedirá a autorización de usos e obras provisionais nos termos do artigo 89 da LSG e 204 do seu Regulamento.

O acordo publicarase no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A suspensión previa será efectiva a partires da súa publicación, e terá a duración DUN ANO (1 ANO), contado a partires da súa publicación no DOG.

Dado o carácter normativo da suspensión, o acordo é impugnabile mediante a interposición de recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dentro do prazo máximo de dous meses contado a partires da publicación.

Do acordo adoptado darase traslado ao Servizo de Licenzas, para o seu coñecemento e efectos que procedan en orde á tramitación dos procedementos en curso e dos que se inicien con posterioridade á publicación do acordo de suspensión.

Dona María Rozas, reincorpórase á sesión cando son as 10:36 horas.

5. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: **2023/00035910B.**
APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2023-CREXT-06, DE IMPORTE 38.550,00 €, E DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2023-SUPLE-06, DE IMPORTE 643.033,33 €, QUE SE FINANCIAN COA APLICACIÓN DUNHA PARTE DO SALDO ACTUAL DO RLTGX 2022 NUNHA CONTÍA DE 662.200,00 € E CON BAIXAS POR ANULACIÓN NUN IMPORTE DE 19.383,33 €.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1. Vistas as solicitudes presentadas polos centros xestores 04 Protección Civil (91137), 26 Centros Socioculturais (88049), 29 Festas e Festexos (91634), 31 Comercio (91684), 36 OMIC (90161) e 48 EDUSI (91659) co obxecto de habilitar crédito para atender distintas necesidades municipais, xunto co resto de documentación que se achega no expediente, cualificadas como de extraordinaria e urxente necesidade.

2. Visto que coa liquidación do orzamento 2022 se cuantificou o importe do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais en 24.871.961,04 €, e que se tramitou o expediente 2023-CREXT-02 para dar cobertura ás OPAs existentes, aos pagamentos pendentes de aplicar no exercicio 2022 sen imputación orzamentaria e (pagos domiciliados no 2021 e 2022 sen imputación orzamentaria).

3. Considerando que con base no acordo do Consello de Ministros de data 26.07.2022, co pronunciamento favorable da maioría absoluta do Congreso de Deputados na súa sesión plenaria celebrada o 22.09.2022, se invocou a previsión contemplada no artigo 135.4 da Constitución Española, e en coherencia con dito mandato a do artigo 11.3 da LOEOSF, polo cal con carácter excepcional, quedan suspendidos os obxectivos de estabilidade e débeda pública, así como a aplicación da regra do gasto durante o exercicio 2023 (ao igual que xa acontecera con anterioridade para os exercicios 2020, 2021 e 2022).

4. Verificado que unha parte do saldo de OPAS do ano 2022, por importe de 3.178.606,18 € xa foron saldadas ou dispoñen de financiamento para a súa aprobación con cargo ao recurso procedente do Remanente Líquido de Tesourería Afectado a través de diferentes acordos de incorporación obrigatoria de remanentes de crédito.

5. Verificado que unha parte do saldo de OPAS do ano 2022, por importe de 2.522.891,54 € xa foron saldadas ou dispoñen de financiamento para a súa aprobación con cargo aos créditos iniciais do exercicio 2023.

6. Verificado que unha parte do saldo de OPAS do ano 2022, por importe de 5.755.050,63 €, dispoñen de crédito para a súa aprobación e pagamento coa aplicación dunha parte do saldo do RLTGX 2022 a través do expediente de incorporación de remanentes 2023-INCOR-08 (en fase de tramitación) para atender á incorporación de remanentes de crédito correspondentes a saldos de gastos debidamente comprometidos no ano 2022 -en fase AD ou D- que achegan financiamento a facturas ou xustificantes de gasto que non puideron ser aprobados dentro dese exercicio.

7. Verificado que unha parte do saldo de OPAS do ano 2022, por importe de 1.853.747,15 €, dispoñen de crédito para a súa aprobación e pagamento coa aplicación dunha parte do saldo do RLTGX 2022 a través do expediente de crédito extraordinario 2023-CREXT-02.

8. Verificado que a través da aprobación do expediente de crédito extraordinario 2023-CREXT-02, nunha contía de 70.414,95 € financiado coa aplicación dunha parte do saldo do RLTX 2022, habilitouse o crédito necesario que posibilitou a aprobación e imputación orzamentaria neste exercicio daquelas anotacións en conta, polo tanto xa abonadas, recollidas nas contas bancarias municipais relativas a xuros e outros gastos financeiros que quedaron sen aprobar no exercicio 2022 e que quedaron rexistradas na conta 40001 de pagos pendentes de aplicar ao orzamento.

9. Verificado que a través da aprobación do expediente de crédito extraordinario 2023-CREXT-02, nunha contía de 149.174,83 € financiado coa aplicación dunha parte do saldo do RLTX 2022, habilitouse o crédito necesario que posibilitou a aprobación e imputación orzamentaria neste exercicio daquelas pagos efectuados mediante adeudo directo en conta bancaria de titularidade municipal durante os anos 2021 e 2022 que teñan a súa correspondencia con gasto en peaxes, carburantes, aditivos dos vehículos do parque móbil do concello de Santiago de Compostela.

10. Verificado que a través da aprobación plenaria de expedientes de crédito extraordinario e de suplemento de crédito (2023-SUPLE-03, 2023-CREXT-03, 2023-SUPLE-04, 2023-CREXT-04, 2023-SUPLE-05 e 2023-CREXT-05) e de diversos expedientes de incorporación de remanentes de crédito (2023-INCOR-08, 2023-INCOR-10 e 2023-INCOR-12), aplicouse 16.194.827,07 € do saldo existentes do RLTX 2022 para atender distintas necesidades manifestadas polos diferentes centros xestores municipais.

11. Visto que, en base ao antedito, existe saldo de Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais procedente da liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2022 suficiente para atender aquelas demandas remitidas que propoñen este recurso como financiamento.

12. Vista a providencia de incoación do expediente asinada polo Concelleiro delegado de Economía e Facenda en data 07.09.2023.

13. Vista a certificación da titular accidental do órgano de xestión orzamentaria e contabilidade de data 07.09.2023 en relación ao saldo actual dispoñible do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais procedente da liquidación do orzamento municipal para o exercicio 2022.

14. Visto o informe favorable da Oficina Orzamentaria con número de referencia 116/2023.

15. Visto o informe da Intervención Xeral Municipal 1170/2023 en relación a este expediente de crédito extraordinario e de suplemento de crédito.

16. Visto o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na súa sesión extraordinaria e urxente de 15.09.2023 relativo á aprobación do expediente de crédito extraordinario 2023-CREXT-06 e de suplemento de crédito 2023-SUPLE-06.

NORMATIVA APLICABLE

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 36 e 37.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF).

Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria

Comunicación de 23.05.2022 da Comisión Europea de mantemento da suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento quedando suspendida a consolidación fiscal e activación da cláusula de escape para o exercicio 2023.

Acordo do Consello de Ministros de 26 de xullo do 2022 de solicitar ao Congreso dos Deputados a apreciación de que España está a sufrir unha pandemia, o que a leva a unha situación de emerxencia extraordinaria que se axusta ao disposto no artigo 135.4 da Constitución española e no artigo 11.3 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Acordo adoptado polo Congreso dos Deputados o 22 de setembro do 2022 polo que se suspenden os obxectivos de cumprimento das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra do gasto e Endebedamento para o exercicio 2022 e se autoriza as Entidades locais aos empregos do Remanente de Tesourería de forma non finalista.

Bases 12 e 13 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022, prorrogadas neste exercicio.

I. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Con motivo do peche e da liquidación do orzamento do exercicio 2022, aprobada mediante decreto núm. 2023/5207 de 19.04.2023, da Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, púxose de manifesto a existencia de operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413) do exercicio 2022 por un importe total de 13.384.722,83 euros.

Así mesmo, coa liquidación do orzamento 2022 cuantificouse o importe do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais en 24.871.961,04 €, o cal pode destinarse, de acordo cos usos que prevén os artigos 172 a 182 do TRLRFL, para financiar modificacións orzamentarias sempre que se teñan en consideración as prioridades na orde de pago enumeradas no artigo 135 da Constitución Española e no artigo 187 do TRLRFL, que recollen en primeiro lugar os créditos para satisfacer os xuros e o capital da débeda pública das Administracións, os gastos de persoal, e as obrigas contraídas en exercicios anteriores.

E se ben é certo que o Congreso dos Deputados apreciou en sesión de 22 de setembro de 2022 que se da unha situación de emerxencia extraordinaria que motiva a suspensión das regras fiscais durante o exercicio 2023, tal e coma indica a Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local do Ministerio de Facenda no seu documento “Preguntas frecuentes sobre las consecuencias de la suspensión de las reglas fiscales en 2020 y 2021 en relación con las comunidades autónomas y las entidades locales”:

4. “La suspensión de las reglas fiscales no implica otra correlativa de las obligaciones que tienen las administraciones públicas con terceros, y, concretamente, con los proveedores.”

6.” El superávit de los entes territoriales se debería destinar a la obligación de atender o cancelar la cuenta 413, al pago a proveedores de modo que se cumpla con el plazo máximo establecido en la normativa de medidas de lucha contra la morosidad, así como a financiar déficits durante la suspensión, con eso se evita el incremento neto de endeudamiento necesario para financiar aquellos. A estos efectos,

hay que tener en cuenta que, en todo caso, el cumplimiento de las obligaciones de atender la cuenta 413 y cumplir con el plazo máximo de pago a proveedores no está afectado por la medida de la suspensión.”

OITAVO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario nº 2023-CREXT-06 e de suplemento de crédito nº 2023-SUPLE-06, se contra eles non se formulasen algunha reclamación, procedéndose á publicación do resumo por capítulos do orzamento municipal coas modificacións aprobadas no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

NOVENO: Igualmente, seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario nº 2023-CREXT-06 e de suplemento de crédito nº 2023-SUPLE-06 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

6. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: **2023-REC-09.**
APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO PARA APROBAR GASTOS REXISTRADOS NA CONTA 413 E OUTROS GASTOS, POR IMPORTE TOTAL DE 703.167,26 EUROS, COA CODIFICACIÓN 2023-REC-09.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1. Vista toda a documentación que forma parte dos expedientes de recoñecemento extrajudicial de crédito (en diante REC) derivados dunha serie de facturas en situación de OPA a 31.12.2022 e outras facturas que se corresponden con gastos devengados no exercicio 2022 non recoñecidos como OPA, incluídas neste expediente a tramitar que suman un total de **703.167,35 €**, cun importe real previsto para REC de **703.167,26 €**, xunto cos seus respectivos informes de fiscalización e propostas plenarios para o seu recoñecemento extrajudicial de crédito remitidas polos distintos centros xestores afectados.

2. Vista a dilixencia emitida con data 14.09.2023 pola titular do órgano de xestión orzamentaria e contabilidade en relación a integridade da documentación achegada aos efectos da tramitación deste expediente.

3. Visto o ditame da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración Local, Facenda e Especial de contas, na súa sesión ordinaria do día 25.09.2023.

CONSIDERACIÓNS

I. NORMATIVA APLICABLE

Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEASF).

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 34 a 38 e 60.2.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Instrución do modelo normal de contabilidade para a administración local aprobada pola Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro (ICAL).

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven obrigas de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. (LCSP-2017)

Base 30ª das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022 prorrogadas ao exercicio 2023.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Con motivo dos traballos preparatorios do peche do orzamento do exercicio 2022, púxose de manifesto a existencia dunha serie de operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413) do exercicio 2022.

Por definición os gastos rexistrados na conta 413 responden a actuacións efectivamente realizadas ao longo do ano 2022, ou bens e servizos recibidos no mesmo período, respecto dos que non se produciu a súa aplicación ao orzamento correspondente por diversos motivos sinalados nos informes de Intervención que se encontran a disposición dos membros do Pleno na documentación que se achega xunto coas propias facturas ou documentos xustificativos e demais documentación que forman os respectivos expedientes de tramitación de gasto.

A case totalidade do saldo de obrigas pendentes de imputación orzamentaria que se incorporan neste expediente de REC corresponden a prestacións efectivamente realizadas e recibidas a meirande parte delas ao longo do ano 2022, nos termos das actas de conformidade remitidas polos centros xestores responsables de cada actuación, cuxa aprobación, e conseguinte rexistro no estado de gastos do orzamento municipal, propónse neste intre a través do correspondente recoñecemento extraxudicial polo antedito importe.

Sen prexuízo da análise que no seu caso se faga da orixe da falta de imputación orzamentaria, resulta que unha serie de empresas e persoas presentaron no Concello facturas e documentos xustificativos de gastos devengados no ano 2022, efectivamente recibidos nos termos dos conformes que se achegan ao expediente, que cómpre aprobar previamente ao pagamento que evite incorrer nun suposto de enriquecemento inxusto da propia Administración. O cauce procedemental especificamente habilitado para estes efectos é o recoñecemento extraxudicial de créditos.

Os principios de anualidade orzamentaria e de temporalidade dos créditos determinan que por conta do estado de gastos do orzamento só poden contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Sen obviar a importancia de cumprir esta premisa, a xestión de determinados tipos de gasto vese afectada por factores de difícil predición e mesmo por discordancias temporais entre a execución material das prestacións, a recepción dos documentos xustificativos, o seu vencemento e a tramitación do procedemento administrativo tendente ao recoñecemento das correspondentes obrigacións, que explican que conte cunha serie de excepcións regradas nos artigos 26.2 e 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril,

alusivos ás obrigas procedentes de exercicios anteriores imputadas ao orzamento en curso a través do recoñecemento extraxudicial de créditos.

Para estes efectos, na base 30ª das de execución do orzamento 2022 prorrogadas ao exercicio 2023, establécense os supostos en que procede a aplicación do REC, os requisitos circunstanciais e orzamentarios que deben concorrer, a competencia para a súa aprobación e o contido mínimo do expediente a tramitar. Neste sentido, o procedemento establecido nesta base limita a utilización do REC para a imputación a orzamento de obrigas indebidamente comprometidas en exercicios anteriores, sendo a competencia para a súa aprobación o Pleno da Corporación.

III. PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS GASTOS REXISTRADOS A 31.12.2022 NA CONTA 413 CORRESPONDENTES A ACREDORES PENDENTES DE IMPUTAR AO ORZAMENTO E OUTROS GASTOS. RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS.

Achégase formando parte deste expediente, un listado como anexo nº I coa relación das facturas en situación de OPA a 31.12.2022 e aqueloutras que se corresponden con outros gastos devengados no exercicio 2022 e non recollidos como OPA que precisan da toma dun acordo de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos para a súa aprobación por importe total de **703.167,35 €**, cun importe real previsto para REC de **703.167,26 €**, sendo necesario aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

De conformidade co establecido na base 30ª das Bases de execución do Orzamento Municipal do exercicio 2022 prorrogadas ao exercicio 2023 e no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, e demais disposicións vixentes na materia.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Recoñecer extraxudicialmente das obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na maioría dos casos na conta 413 a 31.12.2022 por importe total de **703.167,26 €** e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.”

Á vista da proposta transcrita, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda:

Recoñecer extraxudicialmente das obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na maioría dos casos na conta 413 a 31.12.2022 por importe total de **703.167,26 €** e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

7. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: **LRP_2023-REC-10.**
**APROBACIÓN DE LEVANTAMENTOS DE REPARO DE COMPETENCIA
PLENARIA E EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE
CRÉDITO PARA APROBAR GASTOS REXISTRADOS NA CONTA 413 E OUTROS
GASTOS, POR IMPORTE TOTAL DE 508.254,53 EUROS, COA CODIFICACIÓN
LRP_2023-REC-10.**

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1. Vista toda a documentación que forma parte dos expedientes de recoñecemento extrajudicial de crédito (en diante REC) derivados dunha serie de facturas en situación de OPA a 31.12.2022 e outras facturas que se corresponden con gastos devengados no exercicio 2022 non recoñecidos como OPA, incluídas neste expediente a tramitar que suman un total de 508.260,53 €, cun importe real previsto para REC de **508.254,53 €**, xunto cos seus respectivos informes de fiscalización e propostas plenarios para, no seu caso, levantamentos de reparo de competencia plenaria e o seu recoñecemento extrajudicial de crédito remitidas polos distintos centros xestores afectados.
2. Vista a dilixencia emitida con data 22.09.2023 pola titular do órgano de xestión orzamentaria e contabilidade en relación a integridade da documentación achegada aos efectos da tramitación deste expediente.
3. Visto o ditame da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración Local, Facenda e Especial de contas, na súa sesión ordinaria do día 25.09.2023.

CONSIDERACIÓNS

I.NORMATIVA APLICABLE

Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF).

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 34 a 38 e 60.2.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Instrución do modelo normal de contabilidade para a administración local aprobada pola Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro (ICAL).

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven obrigas de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. (LCSP-2017).

Base 30ª das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022 prorrogadas ao exercicio 2023.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Con motivo dos traballos preparatorios do peche do orzamento do exercicio 2022, púxose de manifesto a existencia dunha serie de operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413) do exercicio 2022.

Por definición os gastos rexistrados na conta 413 responden a actuacións efectivamente realizadas ao longo do ano 2022, ou bens e servizos recibidos no mesmo período, respecto dos que non se produciu a súa aplicación ao orzamento correspondente por diversos motivos sinalados nos informes de Intervención que se encontran a disposición dos membros do Pleno na documentación que se achega xunto coas propias facturas ou documentos xustificativos e demais documentación que forman os respectivos expedientes de tramitación de gasto.

A case totalidade do saldo de obrigas pendentes de imputación orzamentaria que se incorporan neste expediente de REC corresponden a prestacións efectivamente realizadas e recibidas a meirande parte delas ao longo do ano 2022, nos termos das actas de conformidade remitidas polos centros xestores responsables de cada actuación, cuxa aprobación, e conseguinte rexistro no estado de gastos do orzamento municipal, propónse neste intre a través do correspondente recoñecemento extraxudicial polo antedito importe.

Sen prexuízo da análise que no seu caso se faga da orixe da falta de imputación orzamentaria, resulta que unha serie de empresas e persoas presentaron no Concello facturas e documentos xustificativos de gastos devengados no ano 2022, efectivamente recibidos nos termos dos conformes que se achegan ao expediente, que cómpre aprobar previamente ao pagamento que evite incorrer nun suposto de enriquecemento inxusto da propia Administración. O cauce procedemental especificamente habilitado para estes efectos é o recoñecemento extraxudicial de créditos.

Os principios de anualidade orzamentaria e de temporalidade dos créditos determinan que por conta do estado de gastos do orzamento só poden contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Sen obviar a importancia de cumprir esta premisa, a xestión de determinados tipos de gasto vese afectada por factores de difícil predición e mesmo por discordancias temporais entre a execución material das prestacións, a recepción dos documentos xustificativos, o seu vencemento e a tramitación do procedemento administrativo tendente ao recoñecemento das correspondentes obrigacións, que explican que conte cunha serie de excepcións regradas nos artigos 26.2 e 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril, alusivos ás obrigas procedentes de exercicios anteriores imputadas ao orzamento en curso a través do recoñecemento extraxudicial de créditos.

Para estes efectos, na base 30ª das de execución do orzamento 2022 prorrogadas ao exercicio 2023, establécense os supostos en que procede a aplicación do REC, os requisitos circunstanciais e orzamentarios que deben concorrer, a competencia para a súa aprobación e o contido mínimo do expediente a tramitar. Neste sentido, o

procedemento establecido nesta base limita a utilización do REC para a imputación a orzamento de obrigas indebidamente comprometidas en exercicios anteriores, sendo a competencia para a súa aprobación o Pleno da Corporación.

III. PROPOSTA DE LEVANTAMIENTO DE REPARO PARA A CONTINUAÇÃO, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE APROBAÇÃO DE RECONHECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.

No trámite da fiscalización previa das propostas de aprobación dos gastos correspondentes as facturas que se relacionan no cadro seguinte, o órgano de fiscalización emitiu informe de reparo de competencia plenaria.

As concellarías competentes de cada área emitiron os informes xustificativos para que o Pleno, no seu caso, aprobe o levantamento de reparo e continuación do procedemento de aprobación destes gastos.

A nivel informativo achégase o detalle das facturas que se encontran nesta situación, se ben a listaxe mais detallada relacionase como anexo I dentro da documentación que forma parte do expediente a tramitar.

Documento	CX	Importe	Terceiro	Nome Ter.	Texto Libre	Nº informe reparo
8500014358	22	9.459,44	B27831783	ALIMENTACION SALUDABLE GALLEGA SL	- ALMORZOS / - ALMORZOS / - - ALMORZOS / - ALMORZOS / - - ALMORZOS / - ALMORZOS / - - ALMORZOS / - ALMORZOS / - - ALMOR	1154/2023
8500014359	22	67.415,57	B27831783	ALIMENTACION SALUDABLE GALLEGA SL	- COMIDAS / - COMIDAS BOLSEIROS ESCAZEZ / - COMIDAS BOLSEIROS CONCILIACION / - COMIDAS / - COMIDAS BOLSEIROS ESCASE	1154/2023
8500014689	22	10.585,26	B27831783	ALIMENTACION SALUDABLE GALLEGA SL	- ALMORZOS / - ALMORZOS / - - ALMORZOS / - ALMORZOS / - - ALMORZOS / - ALMORZOS / - - ALMORZOS / - ALMORZOS / - - ALMOR	1154/2023
8500014688	22	81.293,04	B27831783	ALIMENTACION SALUDABLE GALLEGA SL	- COMIDAS / - COMIDAS BOLSEIROS ESCAZEZ / - COMIDAS BOLSEIROS CONCILIACION / - COMIDAS / - COMIDAS BOLSEIROS ESCASE	1154/2023
8500014906	22	13.059,06	B27831783	ALIMENTACION SALUDABLE GALLEGA SL	- COMIDAS / - COMIDAS BOLSEIROS ESCAZEZ / - COMIDAS BOLSEIROS CONCILIACION / - COMIDAS / - COMIDAS BOLSEIROS ESCASE	1154/2023
8500014905	22	102.675,20	B27831783	ALIMENTACION SALUDABLE GALLEGA SL	- ALMORZOS / - ALMORZOS / - - ALMORZOS / - ALMORZOS / - - ALMORZOS / - ALMORZOS / - - ALMORZOS / - ALMORZOS / - - ALMOR	1154/2023
8500014935	22	109.203,40	B27831783	ALIMENTACION SALUDABLE GALLEGA SL	NOVIEMBRE 2022 COMIDAS / - COMIDAS BOLSEIROS ESCAZEZ / - COMIDAS BOLSEIROESCASE	1154/2023
8500014936	22	14.215,67	B27831783	ALIMENTACION SALUDABLE GALLEGA SL	NOVIEMBRE 2022 - ALMORZOS / - - ALMORZOS / - ALMORZOS / - - ALMORZOS / - ALMORZOS / -	1154/2023
8500015334	22	66.069,57	B27831783	ALIMENTACION SALUDABLE GALLEGA SL	F/2023/361 - 16/01/2023 Servizo de xantar nos CEIPS do Concello de Santiago - Decembro 2022	1154/2023

Documento	CX	Importe	Terceiro	Nome Ter.	Texto Libre	Nº informe reparo
8500015335	22	9.276,75	B27831783	ALIMENTACION SALUDABLE GALLEGA SL	F/2023/362 - 16/01/2023 Servizo de almorzos nos CEIPS do Concello de Santiago. Decembro 2022	1154/2023

483,252.96

IV. PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS GASTOS REXISTRADOS A 31.12.2022 NA CONTA 413 CORRESPONDENTES A ACREDORES PENDENTES DE IMPUTAR AO ORZAMENTO E OUTROS GASTOS. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

Achégase formando parte deste expediente, un listado como anexo nº II coa relación das facturas en situación de OPA a 31.12.2022 e aquelas outras que se corresponden con outros gastos devengados no exercicio 2022 e non recollidos como OPA que precisan da toma dun acordo de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos para a súa aprobación por importe total de **508.260,53 €**, cun importe real previsto para REC de **508.254,53 €**, sendo necesario aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

De conformidade co establecido na base 30ª das Bases de execución do Orzamento Municipal do exercicio 2022 prorrogadas ao exercicio 2023 e no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, e demais disposicións vixentes na materia.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, proponse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Levantamento do reparo e continuación do procedemento de aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas que se relacionan de seguido:

Documento	CX	Importe	Terceiro	Nome Ter.	Texto Libre	Nº informe reparo
8500014358	22	9.459,44	B27831783	ALIMENTACION SALUDABLE GALLEGA SL	- ALMORZOS / - ALMORZOS / - - ALMORZOS / - ALMORZOS / - - ALMORZOS / - ALMORZOS / - - ALMORZOS / - ALMORZOS / - - ALMOR	1154/2023
8500014359	22	67.415,57	B27831783	ALIMENTACION SALUDABLE GALLEGA SL	- COMIDAS / - COMIDAS BOLSEIROS - ESCASEZ / - COMIDAS BOLSEIROS - CONCILIACION / - COMIDAS / - - COMIDAS BOLSEIROS ESCASE	1154/2023
8500014689	22	10.585,26	B27831783	ALIMENTACION SALUDABLE GALLEGA SL	- ALMORZOS / - ALMORZOS / - - ALMORZOS / - ALMORZOS / - - ALMORZOS / - ALMORZOS / - - ALMORZOS / - ALMORZOS / - - ALMOR	1154/2023
8500014688	22	81.293,04	B27831783	ALIMENTACION SALUDABLE GALLEGA SL	- COMIDAS / - COMIDAS BOLSEIROS - ESCASEZ / - COMIDAS BOLSEIROS - CONCILIACION / - COMIDAS / - - COMIDAS BOLSEIROS ESCASE	1154/2023

483.252.96

Á vista da proposta transcrita, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda:

PRIMEIRO: Levantamento do reparo e continuación do procedemento de aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas que se relacionan de seguido:

Documento	CX	Importe	Terceiro	Nome Ter.	Texto Libre	Nº informe reparo
8500014358	22	9.459,44	B27831783	ALIMENTACION SALUDABLE GALLEGA SL	- ALMORZOS / - ALMORZOS / - - ALMORZOS / - ALMORZOS / - - ALMORZOS / - ALMORZOS / - - ALMORZOS / - ALMORZOS / - - ALMOR	1154/2023
8500014359	22	67.415,57	B27831783	ALIMENTACION SALUDABLE GALLEGA SL	- COMIDAS / - COMIDAS BOLSEIROS ESCASEE / - COMIDAS BOLSEIROS CONCILIACION / - COMIDAS / - COMIDAS BOLSEIROS ESCASE	1154/2023



483.252.96

8. ÁREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2022/00035899G.

A proposta é do seguinte teor literal:

1.- Desde o Centro Xestor 35 (Medio Rural) foi tramitada á Intervención Municipal a certificación referenciada número 5 da obra “Mellora do vial dende o entorno da N-550 en Barciela ata Casas de Arriba en Cesar: tramo da Igrexa de San Andrés da Barciela

ata Cruce de Candelabeira” por un importe total de 29.695,54 euros, que se achega no expediente, emitida pola empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. con CIF núm. B15608193.

2.- A certificación referenciada está debidamente conformada pola persoa responsable do centro xestor e o responsable político competente na materia, e corresponde a *“Mellora do vial dende o entorno da N-550 en Barciela ata Casas de Arriba en Cesar: tramo da Igrexa de San Andrés da Barciela ata Cruce de Candelabeira”*.

3.- Segundo o informe da Intervención Municipal de data 20 de decembro de 2022 (Ref. núm. 1966/2022): a actuación de investimento de referencia ascendeu a 253.591,54 euros, IVE engadido, polo que a suma das certificacións ordinarias números 1, 2, 3 e 4 por importe de 15.622,95; 43.440,98; 0 e 164.832,07 euros respectivamente, e a certificación número 5 a que se refire este informe por importe de 29.695,54 euros, excede do crédito orzamentario comprometido como consecuencia de dita adxudicación.

A diferenza trae a súa causa por variacións á alza no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, que en todo caso pola cifra que fai figurar nesta certificación número 5 de 22.171,54 euros, serían, efectuadas antes da recepción da obra.

Así, segundo o referido informe da Intervención, e en aplicación do disposto no artigo 216.2.a) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, debe suspenderse a tramitación do expediente ata que a discrepancia se solucione dado que o reparo se basea na insuficiencia de crédito; polo que debe elevarse ao Pleno da Corporación proposta de levantamento de reparo, ao ser este o órgano a quen corresponde a resolución daquela de conformidade co artigo 217.2.a) do citado corpo legal.

4.- Neste sentido, a persoa responsable da Dirección de Área de Recursos Humanos, Avaliación, Contratación e Réxime Interior, como órgano transversal do concello no que atinxe a funcións propias de organización e xestión de réxime interior, e con atribución temporal de funcións técnicas na concellaría de Medio Rural (resolución nº 2023/9551) emite informe para proposta e posterior resolución de discrepancia por reparo.

En atención ao reparo da Intervención, cabe salientar:

Os efectos destas variacións o artigo 242.4 in fine da Lei 9/2017, do 8 de abril de Contratos do Sector Público indica expresamente:

“El exceso de mediciones, entendiendo por tal, la variación que durante la correcta ejecución de la obra se produzca exclusivamente en el número de unidades realmente ejecutadas sobre las previstas en las mediciones del proyecto, siempre que en global no representen un incremento del gasto superior al 10 por ciento del precio del contrato inicial. Dicho exceso de mediciones será recogido en la certificación final de la obra.”

Con todo o anterior, consideramos que se poden incluír estas variacións á alza nas medicións con ocasión da expedición das certificacións ordinarias mensuais, por canto que como indicou a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado (Informa 85/18) a regra contida no artigo 160.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001 do 12

de outubro, no que se indica:“(...)” 2. *Las variaciones mencionadas en el apartado anterior. Respectando en todo caso el límite previsto del mismo, se irán incorporando a las relaciones valoradas mensuales y deberán ser recogidas y abonadas en las certificaciones mensuales (...)”*

É dicir, a lei obriga a incluír os excesos de medición na certificación final das obras co fin de garantir o seu control e o pago íntegro e non excesivo das cantidades que representan e, doutra banda e sen prexuízo do anterior, o Regulamento esixe incorporar os excesos de medición que mensualmente se vaian producindo ás relacións valoradas e ás certificacións mensuais.

Este tamén é o criterio da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Galicia exposto no seu Informe 8/2008, do 30 de xaneiro do 2009, que textualmente indica: *“dende o punto de vista contractual, cando durante a execución dunha obra se realicen máis unidades das proxectadas, haberá dúas opción: ou se contemplan na certificación mensual (previa aprobación de gasto) ou ben - sempre que non representen un incremento superior ao 10% - se poderá esperar a recollelas na certificación final, salvo que se introduzan no proxecto modificación de outra natureza, caso no que as variacións deberán recollese no proxecto modificado sen esperar a certificación final”*.

5.- O Real decreto 424/2017, do 28 de abril, regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local; e nesa liña, o apartado 1.4. da base 30 das Bases Xerais de Execución do Orzamento Municipal para o ano 2022, vixentes para o exercicio 2023, establece cales son os documentos mínimos que debe conter o expediente para recoñecemento da obrigaón.

En cumprimento do redactado nos parágrafos anteriores, este expediente cumpre os requisitos esixidos: factura detallada, acta de conformidade, documento contable de reserva de crédito RC e o presente informe xustificativo da necesidade do servizo e en consecuencia do gasto efectuado e das causas polas que se incumpriu o procedemento xurídico-administrativo correspondente.

6.- Considérase ademais por quen subscribe que nos gastos de referencia concorren os requisitos e esixencias contidas en dito artigo, para que proceda o recoñecemento das correspondentes obrigas mediante a tramitación do expediente ao Pleno da corporación e abono da correspondente indemnización ao terceiro polas prestacións efectuadas a esta Administración municipal, isto é:

- Xustificación da necesidade do gasto nos termos que se deixan expostos nesta proposta.
- Non ser necesario a constitución de garantías en razón a natureza dos servizos prestados.
- Que as prestacións realizadas polo terceiro son as estritamente necesarias para satisfacer a necesidade que motiva aquelas.
- As actuacións realizáronse baixo o principio de boa fe e confianza lexítima.
- Que os prezos facturados son correctos e adecuados ao mercado, coincidindo cos prezos establecidos no contrato xa vencido.

- O período de realización do servizo coincide coa data da facturación.
- A imputación do gasto non vai producir prexuízo ningún para a realización de todas as atencións do exercicio corrente.

7.- Así mesmo, tal e como xa se dixo anteriormente, incorpóranse ao expediente os seguintes documentos:

- Facturas detalladas expedidas acreditativas do dereito do acredor
- Acta de conformidade expedida polas persoa responsable do correspondente centro xestor e a/o concelleira/o competente na materia, en relación ás prestacións facturadas polo terceiro e da realidade do gasto
- Documentos contables acreditativos da existencia de crédito coa identificación dos números de documentos contables AD (nº 220220005182) e pre-RC (nº 920230002526)

8.- En base ao exposto e non resultando posible a restitución das prestacións recibidas, considérase que debe aboarse aos provedores, para evitar un posible enriquecemento inxusto por parte desta Administración municipal, os importes facturados.

En calquera caso, as situacións descritas non determinan que as actuacións levadas a cabo na realización de ditos gastos teñan incorrido nun vicio de nulidade de pleno dereito, por ter prescindido total e absolutamente do procedemento legalmente establecido (artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas).

Aínda así, esta invalidez dos actos nulos non exime á Administración municipal da obriga de abono das prestacións realizadas polo terceiro ao seu favor, en virtude dun principio de xeral do enriquecemento inxusto, nacente así unha obriga ex lege.

CONSIDERACIÓNS

Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Real decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.

Lei 9/2017, do 28 de abril, de contratos do sector público.

Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Bases de execución dos orzamentos xerais municipais.

Isto é o que este centro directivo ten a ben manifestar, ao non poder engadir máis que o xa exposto anteriormente, así como nas actas de conformidade, e dado que as prestacións facturadas polo provedor foron efectivamente realizadas.

En base ao anterior, e de conformidade co disposto no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais en materia de orzamentos, e o artigo 30 das Bases de execución do orzamento xeral municipal, PROPONSE á Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, que ditamine o seguinte asunto:

Primeiro.- Levantar o reparo formulado pola Intervención Xeral no seu informe número 1966/2022, sobre a certificación ordinaria número 5 da obra “Mellora do vial dende o entorno da N-550 en Barciela ata Casas de Arriba en Cesar: tramo da Igrexa de San Andrés da Barciela ata Cruce de Candelabeira” por un importe total de VINTE NOVE MIL SEISCENTOS NOVENTA E CINCO CON CINCUENTA E CATRO EUROS (29.695,54€), que se achega no expediente, emitida pola empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (CIF núm. B15608193).

Segundo.- Aprobar, dispoñer e recoñecer a obriga derivada das accións da referencia por un importe total de VINTE NOVE MIL SEISCENTOS NOVENTA E CINCO CON CINCUENTA E CATRO EUROS (29.695,54€), cuxos gastos se deberán anotar con imputación á aplicación orzamentaria 100 45400 6190000.”

Á vista da proposta transcrita que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria do día 25 de setembro do corrente ano da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda:

Primeiro.- Levantar o reparo formulado pola Intervención Xeral no seu informe número 1966/2022, sobre a certificación ordinaria número 5 da obra “Mellora do vial dende o entorno da N-550 en Barciela ata Casas de Arriba en Cesar: tramo da Igrexa de San Andrés da Barciela ata Cruce de Candelabeira” por un importe total de VINTE NOVE MIL SEISCENTOS NOVENTA E CINCO CON CINCUENTA E CATRO EUROS (29.695,54€), que se achega no expediente, emitida pola empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (CIF núm. B15608193).

Segundo.- Aprobar, dispoñer e recoñecer a obriga derivada das accións da referencia por un importe total de VINTE NOVE MIL SEISCENTOS NOVENTA E CINCO CON CINCUENTA E CATRO EUROS (29.695,54€), cuxos gastos se deberán anotar con imputación á aplicación orzamentaria 100 45400 6190000.

9. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2023/00040280B.
LEVANTAMENTO DE REPARO SUSPENSIVO FACTURA F/2022/7060 (UCGAL).

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

Con data 07/06/2023 emítese informe pola intervención municipal coa referencia 739/2023, relativo á factura F/2022/7060 presentada pola Unión de Consumidores de Galicia (NIF G-15160609), no que se conclúe que se formula disconformidade cos gastos obxecto da factura mediante nota de reparo, polo que debe suspenderse a tramitación do expediente ata que a discrepancia se solucione e, se a unidade xestora mantivese a discrepancia, elevará proposta de levantamento da nota de reparo á Alcaldía Presidencia, sendo esta facultade indelegable e a resolución que se dite executiva. Esta resolución, de dítarse, deberá notificarse á Intervención aos efectos previstos no artigo 218 do RD Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Con data 3 de agosto de 2022, mediante resolución do concelleiro delegado de políticas sociais e saúde en funcións, o contrato menor para a prestación do servizo de información, orientación e asesoramento xurídico en materia de consumo á veciñanza de Santiago de Compostela a favor da entidade UNION DE CONSUMIDORES DE GALICIA, por un prezo total de 6.050,00 euros (IVE incluído: 1.050,00 euros).

Con data 29 de agosto seguinte o órgano de xestión orzamentaria e contabilidade emitiu o correspondente documento contable AD de autorización e disposición de gasto, entendendo en consecuencia este centro xestor que a tramitación realizada era correcta e que o financiamento do contrato estaba garantido.

CONSIDERACIÓNS

Non obstante, o informe da intervención municipal sinala que este gasto correspondente á factura F/2022/7060 expedida por UNIÓN DE CONSUMIDORES DE GALICIA (CIF núm. G15160609) por un importe total de 6.050,00 euros, pola prestación do servizo de información, orientación e asesoramento en materia de consumo á veciñanza de Santiago de Compostela, imputouse incorrectamente dentro da estrutura orzamentaria.

Polo tanto, ante a necesidade de integrar correctamente no orzamento o financiamento preciso para o cumprimento da finalidade perseguida, cuxo fin é atender ao pagamento da factura presentada pola Unión de consumidores de Galicia (con n.º de entrada no rexistro municipal F/2022/7060), é preciso realizar unha modificación orzamentaria modalidade de crédito extraordinario que se atopa actualmente en tramitación baixo o número 2023 CREXT 06.

Tal e como sinala tamén o interventor trátase de gastos vencidos que xeneran unha obriga de pago. Considerándose ademais por quen suscribe que nos gastos de referencia concorren os seguintes requisitos:

- Xustificación da necesidade do gasto nos termos que se deixan expostos nesta proposta.
- Non ser necesaria a constitución de garantías en razón á natureza dos servizos prestados.
- Que as prestacións realizadas polo terceiro son as estritamente necesarias para satisfacer a necesidade que motiva aquelas.
- Que os prezos facturados son correctos e resultan estrictamente da oferta presentada.

Con data 25 de setembro de 2023 a Comisión informativa emite ditame favorable.

En base ao anterior, e considerando que o gasto realizado axústase en todo caso á vixente lexislación de contratos públicos, derivándose dun contrato correctamente formalizado propónse ao Pleno que adopte os seguinte/s acordo/s:

1. Resolver a discrepancia e o reparo que contén o informe da Intervención Municipal de referencia 739/2023 correspondentes á factura F/2022/7060 expedida por UNIÓN DE CONSUMIDORES DE GALICIA (CIF núm. G15160609) por un importe total de 6.050,00 euros, pola prestación do servizo de información, orientación e asesoramento en materia de consumo á veciñanza de Santiago de Compostela.

2. O levantamento do reparo e a autorización do gasto quedan condicionados á entrada en vigor do crédito extraordinario actualmente en tramitación como 2023 CREXT 06.”

O Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda:

1. Resolver a discrepancia e o reparo que contén o informe da Intervención Municipal de referencia 739/2023 correspondentes á factura F/2022/7060 expedida por UNIÓN DE CONSUMIDORES DE GALICIA (CIF núm. G15160609) por un importe total de 6.050,00 euros, pola prestación do servizo de información, orientación e asesoramento en materia de consumo á veciñanza de Santiago de Compostela.

2. O levantamento do reparo e a autorización do gasto quedan condicionados á entrada en vigor do crédito extraordinario actualmente en tramitación como 2023 CREXT 06.

10. PRESIDENCIA E TURISMO. Referencia: 2023/00006246H.
RECTIFICACIÓN DO ERRO ADVERTIDO NO ACORDO PLENARIO DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 9 DE MARZO DE 2023, RELATIVO AO NIF DA ENTIDADE BENEFICIARIA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2023 JUNTA DE COFRADÍAS DE SEMANA SANTA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POR IMPORTE DE 3.000,00 EUROS DO CENTRO XESTOR 33.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

Advertido erro no Acordo Plenario que tivo lugar na sesión extraordinaria do 9 de marzo de 2023, relativo á aprobación do expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario número 2023-CREXT-01 por importe 20.000,00 euros e de aprobación de subvencións nominativas do exercicio 2023.

O erro advertido refírese ao NIF da entidade beneficiaria da subvención nominativa 2023 Junta de Cofradías de Semana Santa de Santiago de Compostela por importe de 3.000,00 euros do centro xestor 33, no que figura G70464813 en lugar de R15004411.

Considerando o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no que as Administracións Públicas poderán, asimesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Á vista de canto antecede, propónse á Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, que ditamine o seguinte asunto:

ÚNICA. Rectificar o erro advertido no NIF da entidade beneficiaria da subvención nominativa 2023 Junta de Cofradías de Semana Santa de Santiago de Compostela por importe de 3.000,00 euros do centro xestor 33, no acordo plenario de data 9 de marzo de 2023 relativo á aprobación do expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario número 2023-CREXT-01 por importe 20.000,00 euros e de aprobación de subvencións nominativas do exercicio 2023:

Onde di:

Org.	Prog.	Económica	CX	Entidade beneficiaria	NIF Beneficiario	Importe 2023	Obxecto
070	92501	4890001	33	JUNTA DE COFRADIAS DE SEMANA SANTA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	G70464813	3.000,00	Apoio as actividades turísticas e de comunicación desenvolvidas polas cofradías de Semanas Santa de Santiago de Compostela

Debe dicir:

Org.	Prog.	Económica	CX	Entidade beneficiaria	NIF Beneficiario	Importe 2023	Obxecto
070	92501	4890001	33	JUNTA DE COFRADIAS DE SEMANA SANTA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	R15004411	3.000,00	Apoio as actividades turísticas e de comunicación desenvolvidas polas cofradías de Semanas Santa de Santiago de Compostela

Á vista da proposta transcrita que foi ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, na súa sesión ordinaria do día 25 de setembro do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

Rectificar o erro advertido no NIF da entidade beneficiaria da subvención nominativa 2023 Junta de Cofradías de Semana Santa de Santiago de Compostela por importe de 3.000,00 euros do centro xestor 33, no acordo plenario de data 9 de marzo de 2023 relativo á aprobación do expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario número 2023-CREXT-01 por importe 20.000,00 euros e de aprobación de subvencións nominativas do exercicio 2023:

Onde di:

Org.	Prog.	Económica	CX	Entidade beneficiaria	NIF Beneficiario	Importe 2023	Obxecto
070	92501	4890001	33	JUNTA DE COFRADIAS DE SEMANA SANTA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	G70464813	3.000,00	Apoio as actividades turísticas e de comunicación desenvolvidas polas cofradías de Semanas Santa de Santiago de Compostela

Debe dicir:

Org.	Prog.	Económica	CX	Entidade beneficiaria	NIF Beneficiario	Importe 2023	Obxecto
070	92501	4890001	33	JUNTA DE COFRADIAS DE SEMANA SANTA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	R1500441I	3.000,00	Apoio as actividades turísticas e de comunicación desenvolvidas polas cofradías de Semanas Santa de Santiago de Compostela

11. PROPOSICIÓN DO PP PARA A MELLORA DAS CONDICIÓNS DA DÁRSENA DE AUTOBUSES XOAN XXIII.

O texto da proposición presentada ten o seguinte contido:

“A dársena de autobuses de Xoán XXIII é a porta de entrada dunha media de 2.000 persoas ao día á cidade de Santiago de Compostela.

O estado da dársena de autobuses é lamentable, xa que leva máis de 5 anos de deterioro constante, coa cafetería pechada e cunha situación de riscos para as persoas usuarias, cristais rotos, paneis publicitarios en condicións de deterioro, cuartos de baño que levan desde o ano 1993 sen grandes reparacións, con arranxos puntuais pero sen grandes reformas, sen extracción de olores, lousas rotas, cristais estalados, portas innecesarias e continuamente rotas.

A dársena estivo ocupada por persoas indixentes que acamparon nela e fixeron deste lugar o seu modo de vida, recargando os móbiles nos enchufes da dársena, prendendo as estufas durante o inverno á corrente eléctrica, aseándose nos baños nos horarios de apertura destes e facendo uso doutros espazos cando estes están pechados, cociñando con campings gas, cos seus colchóns repartidos pola dársena e con festas nocturnas que perturban a convivencia coa veciñanza (Xúntanse fotos).

A situación agora agravouse xa que hai disputas entre as diferentes persoas sen fogar que frecuentan este espazo e, ademáis, converteuse nun sitio de trapicheo de drogas e con comportamentos violentos co risco para as persoas que por alí transitan.

Non se trata xa só dun problema estético, porque esta é a primeira imaxe que reciben da nosa cidade os visitantes que baixan na dársena, senón dun problema de convivencia e de riscos para quenes utilizan a dársena, para os residentes da zona, para os estudantes e para os traballadores e traballadoras da propia dársena.

Polo exposto, desde o Partido Popular, propoñemos que o Pleno do Concello de Santiago aprobé os seguintes acordos:

Primeiro: Incrementar a vixilancia nocturna na dársena de Xoán XXIII que actuará como efecto disuasorio para evitar o tráfico e a venda de drogas neste punto.

Segundo: Retirar as portas de cristais innecesarias e que están sempre rotas.

Terceiro: Dotar de medios materiais (papel hixiénico e xabón) os baños da dársena así como con extracción de olores ou sistema de ventilación.

Cuarto: Tramitar a licitación para a apertura da cafetería da dársena.

Quinto: Realizar un estudio para un proxecto de reforma integral da dársena.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

Primeiro: Incrementar a vixilancia nocturna na dársena de Xoán XXIII que actuará como efecto disuasorio para evitar o tráfico e a venda de drogas neste punto.

Segundo: Retirar as portas de cristais innecesarias e que están sempre rotas.

Terceiro: Dotar de medios materiais (papel hixiénico e xabón) os baños da dársena así como con extracción de olores ou sistema de ventilación.

Cuarto: Tramitar a licitación para a apertura da cafetería da dársena.

Quinto: Realizar un estudio para un proxecto de reforma integral da dársena.

12. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A CREACIÓN DUN SERVIZO DE AUTOBUS LANZADERIA AO AEOROPORTO.

O texto da proposición presentada ten o seguinte contido:

“A finais do ano 2020, a empresa municipal de transporte, TRALUSA, asume a liña ao aeroporto de Santiago de Compostela. Con esta decisión, ademáis de perder un servizo lanzadeira á cidade para turistas e visitantes, a veciñanza perdeu un servizo fundamental.

Na actualidade conviven a liña 6 (Os Tilos-San Marcos) e a liña 6A (Aeroporto-Estación Intermodal) pero, a realidade é que, en determinados horarios e os fin de semana, a única liña que presta o servizo é a 6A. Con isto, veciños e veciñas ven como o autobús non realiza as paradas porque saen cheos do propio aeroporto, polo que quedan tirados na parada e vense na obriga de vir ao casco histórico ou ensanche no seu vehículo particular.

Con isto, desde o Partido Popular, propoñemos que o Pleno do Concello de Santiago aprobé os seguintes acordos:

Primeiro.- Que a liña 6A pase a ser unha liña lanzadeira Aeroporto-Estación Intermodal sen paradas.

Segundo.- Que a liña 6 pase a dar servizo desde Os Tilos, como ata o de agora, e que amplíe o seu percorrido ata Lavacolla (sen entrar no aeroporto) para dar servizo á veciñanza desta parroquia.

Terceiro.- Que o servizo lanzadeira teña un aumento no custo do billete para sufragar os gastos do servizo, salvo para os composteláns, que poderán empregar a súa tarxeta abono e pagar o prezo dun billete ordinario e que, coa posta en marcha deste servizo lanzadeira, os novos autobuses estén adaptados con espazos para as equipaxes.”

Rematado o debate, e despois ser aceptada a emenda transaccional “in voce” formulada por CA e o BNG, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Que a liña 6A pase a ser unha liña lanzadeira Aeroporto-Estación Intermodal sen paradas.

Segundo.- Ofreceráse un servizo á veciñanza de Lavacolla cunha frecuencia suficiente para atender a demanda que existe.

Terceiro.- Que o servizo lanzadeira teña un aumento no custo do billete que permita sufragar os gastos do servizo e que se estude o método para a aplicación dunha bonificación á cidadanía de Santiago e a súa cuantía.

13. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE A PROPOSTA DE IMPLANTACIÓN DUNHA TAXA TURÍSTICA.

O texto da proposición presentada ten o seguinte contido:

“O Grupo municipal do PSdeG-PSOE de Santiago de Compostela, ao abeiro do regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte **PROPOSICIÓN** para o seu debate en Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A implantación ou non dunha taxa turística no Concello de Santiago de Compostela é un debate que leva producíndose dende o ano 2017. Un debate que ao noso xuízo gañou argumentos a favor co devir dos anos. O éxito turístico de Compostela non é algo negativo nin preocupante, é o triunfo da nosa proxección internacional, de ser un destino cada vez máis querido e demandado. Pero como en todo en todo fenómeno, temos aspectos que nos convidan sempre á procura do maior equilibrio posíbel. Este equilibrio é fundamental para o éxito e a convivencia das realidades da nosa cidade, en definitiva, facer sostible para todos o noso modelo turístico.

E niso estívoise traballando nestes últimos catro anos, con decisións valentes, como a adoptada en relación á regulación das vivendas de uso turístico, e tamén coa cuestión que nos ocupa, impulsando nos últimos anos a implantación dunha taxa turística que axude a equilibrar o noso modelo turístico e permita dispoñer de recursos para facer fronte as demandas que a notable afluencia de visitantes demandan. Debemos lembrar que o pleno do Concello de Santiago manifestouse maioritariamente a favor desta idea en setembro do ano 2022, e con ese mandato traballouse para realizar unha proposta razoable.

No marco do Plan de Sustentabilidade Turística encargouse ao recoñecido catedrático de Dereito Financeiro e Tributario, César García Novoa, a elaboración dun exhaustivo estudo que avalou a viabilidade e idoneidade da creación dunha taxa turística en Santiago de Compostela. Este estudo foi encargado coa vontade do seu traslado á Xunta de Galicia, logo da petición formulada polo actual presidente ao entón alcalde Sánchez Bugallo. Nesa mesma reunión o presidente da Xunta mostrouse aberto á instauración da taxa, a condición de que fose legalmente posible a implantación dun tributo de implementación voluntaria para outros concellos, e non imperativa para toda Galicia. É indubidábel que a aprobación deste tributo ha de facerse mediante lei polo Parlamento de Galicia. Así se fixo nas CC.AA. que xa o ten operativo, e así o ten refrendado o Tribunal Constitucional.

No documento establécese que para que as entidades locais puidesen exercer a súa autonomía financeira e decidir se, no seu termo municipal, se esixe ou non o imposto

sobre estancias turísticas, podería acudirse a tres alternativas:

1. O modelo valenciano, que implica que o imposto sexa de esixencia xeral, pero que os municipios poidan decidir bonificalo, incluso ao 100 %. O que obrigaría a todos os concellos de Galicia a tomar a decisión para non cobrar o imposto, e non para cóbralo.
2. O modelo catalán, que o tributo so sexa esixido exclusivamente naqueles municipios que sexan catalogados pola Xunta de Galicia, como municipios de grande impacto turístico. O destino do recadado sería o “Fondo para a Promoción do Turismo”, xestionado pola propia Xunta e no que só participarían como destinatarios dunha porcentaxe elevada os municipios que decidan aplicar o tributo. Parte do recadado destinaríase a financiar políticas turísticas da Xunta de Galicia en materia de competitividade turística.
3. A vía defendida polo anterior goberno municipal, que sería a da cesión do imposto para que cada municipio, e por medio das súas ordenanzas, decida se o aplica ou non o aplica. Os entes locais poderían tamén fixar aspectos relativos ao réxime do tributo, dentro dos límites establecidos pola lei, como as contías que se deben cobrar por cada estancia. Esta opción acomódase a posibilidade de cesión dos impostos autonómicos aos entes locais, recoñecida en diversas sentenzas do Tribunal Constitucional.

Este documento elaborado polo catedrático da USC foi presentado nunha primeira reunión de traballo cos representantes da Unión Hotelera de Compostela, Hostalaria.gal e a Asociación de Hostalaría Compostela a finais do pasado mes de Abril. Expúxose o destino da recadación que barallaba o anterior goberno municipal: rehabilitación e conservación da cidade histórica, financiamento do sobrecoste de determinados servizos vencellados ao impacto turístico, e a organización de actividades e eventos lúdicos e culturais que contribúan á desestacionalización do turismo e ao incremento da estadia media por turista e para o disfrute dos composteláns. Por último acordouse cos representantes do sector que se convocaría unha segunda reunión de traballo, despois do proceso electoral, para analizar as achegas que eles mesmos puidesen facer ao documento unha vez analizado con detenemento e tempo.

Coa entrada do novo goberno municipal, este documento foi revisado e engadiuse unha especie de borrador da lei (*é evidente que a elaboración do texto articulado da lei debe corresponder ao Parlamento, logo da presentación dun proxecto pola Xunta de Galicia*), da que descoñecemos a súa autoría. Por declaracións públicas da Alcaldesa, o novo executivo local optou pola creación dun “Fondo para a Promoción do Turismo de Galicia” que xestionaría a Xunta de Galicia e ao que iría todo o recadado con esta taxa, de Santiago e doutras cidades. Unha modalidade que a xuízo do Grupo Socialista non respondería os intereses de Compostela.

Ao grupo municipal socialista tamén lle sorprendeu que a revisión do documento, a inclusión do suposto borrador da lei, e a elección da modalidade da taxa a implementar, non fosen nin presentados nin consensuados non só co resto de grupos municipais, senón que tampouco cos representantes dos sectores da hostalaría, antes ser enviado á Xunta de Galicia.

Cofecedores de que o vindeiro luns 2 de outubro a Alcaldesa de Santiago e o Presidente da Xunta discutirán entre outros temas, a implantación da taxa turística, vemos necesario presentar ao pleno municipal esta proposición para que o devandito órgano acorde os marcos da proposta que se defenderá diante da Xunta de Galicia.

Por todos estes motivos, o Grupo municipal do PSdeG solicita ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Que o goberno municipal de Santiago de Compostela solicite a Xunta de Galicia a presentación no Parlamento de Galicia antes do remate de 2023 dun proxecto de lei de taxa turística, que garanta a súa aplicación voluntaria polos concellos de Galicia, a súa cesión como un tributo autonómico aos concellos que así o soliciten, e o aproveitamento polos propios concellos que opten pola súa implantación dos recursos xerados polo mesmo.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do BNG e de CA (6 PSdeG-PSOE, 6 BNG, 2 CA) e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda que o goberno municipal de Santiago de Compostela solicite a Xunta de Galicia a presentación no Parlamento de Galicia antes do remate de 2023 dun proxecto de lei de taxa turística, que garanta a súa aplicación voluntaria polos concellos de Galicia, a súa cesión como un tributo autonómico aos concellos que así o soliciten, e o aproveitamento polos propios concellos que opten pola súa implantación dos recursos xerados polo mesmo.

14. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: **2023/00021670P.**
TOMAR COÑECEMENTO DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO CONCELLO DE SANTIAGO E DO AUDITORIO DE GALICIA A 30/06/2023 E DAS MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2023 APROBADAS POR RESOLUCIÓN.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1. A execución orzamentaria do estado de gastos e ingresos, así como dos movementos de tesouraría por operacións orzamentarias e non orzamentarias acumuladas a 30/06/2023, do Concello de Santiago de Compostela e do organismo autónomo Auditorio de Galicia.

2. As resolucións que aproban modificacións de crédito ao orzamento do Concello de Santiago de Compostela no segundo trimestre do ano 2023 ditadas pola Concellaría de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local.

CONSIDERACIÓNS

1. O artigo 207 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (de aquí en diante TRLRFL), que establece:

“La intervención de la entidad local remitirá al Pleno de la entidad, por conducto de la presidencia, información de la ejecución de los presupuestos y del movimiento de la tesorería por operaciones presupuestarias independientes y auxiliares del presupuesto y de su situación, en los plazos y con la periodicidad que el Pleno establezca”.

2. En igual senso, a Regra 52 (“Elaboración”) da Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, determina:

“1. En cumprimento de lo previsto en el artículo 207 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, la Intervención u órgano de la entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad elaborará la información de la ejecución de los presupuestos y del movimiento y la situación de la tesorería, que debe remitir al Pleno de la Corporación, por conducto de la Presidencia, en los plazos y con la periodicidad que el Pleno haya establecido.

2. La Intervención u órgano de la entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad determinará la estructura de los estados que habrán de reflejar la información a que se refiere el apartado anterior, de acuerdo con lo establecido por el Pleno de la Corporación.

3. Establece de seguido a Regra 53 (“Contenido”) a estrutura da información a remitir o Pleno da Corporación nos termos seguintes:

“1. La información a que se refiere la regla anterior contendrá datos relativos a:

- a) La ejecución del presupuesto de gastos corriente
- b) La ejecución del presupuesto de ingresos corriente
- c) Los movimientos y situación de la tesorería.

2. La información sobre la ejecución del presupuesto de gastos corriente pondrá de manifiesto para cada aplicación presupuestaria, al menos el importe correspondiente a:

- a) Los créditos iniciales, sus modificaciones y los créditos definitivos.
- b) Los gastos comprometidos
- c) Las obligaciones reconocidas netas.
- d) Los pagos realizados.

Asimismo, se hará constar el porcentaje que representan: los gastos comprometidos respecto a los créditos definitivos, las obligaciones reconocidas netas respecto a los créditos definitivos y los pagos realizados respecto a las obligaciones reconocidas netas.

3. La información sobre la ejecución del presupuesto de ingresos corriente pondrá de manifiesto para cada aplicación presupuestaria, al menos el importe correspondiente a:

- a) Las previsiones iniciales, sus modificaciones y las previsiones definitivas.
- b) Los derechos reconocidos netos.
- c) La recaudación neta.

Asimismo, se hará constar el porcentaje que representan: los derechos reconocidos netos respecto a las previsiones definitivas y la recaudación neta respecto de los derechos reconocidos netos.

4. La información sobre los movimientos y situación de la tesorería pondrá de manifiesto, al menos, los cobros y pagos realizados durante el período a que se refiera la información, así como las existencias en la tesorería al principio y al final de dicho período.

a) Los créditos iniciales, sus modificaciones y los créditos definitivos.

4. Pola súa banda a Base 8ª de Execución do orzamento xeral vixente, establece:

1. O Órgano de Xestión Orzamentaria e de Contabilidade enviaralle á Secretaría Xeral do Pleno con periodicidade trimestral o estado de execución dos orzamentos para que os poña a disposición dos concelleiros e concelleiras. Esta información facilitarase preferentemente utilizando medios electrónicos, telemáticos ou informáticos.

A información presentarase estruturada nos niveis de clasificación orgánica-programa-subconcepto no que respecta á execución do orzamento do Concello e a nivel de programa-subconcepto no que respecto á execución do orzamento do organismo autónomo Auditorio de Galicia.

2. Coa mesma periodicidade trimestral, Órgano de Xestión Orzamentaria e de Contabilidade achegaralle á Secretaría Xeral do Pleno a información sobre as modificacións orzamentarias aprobadas pola Concellaría Delegada de Economía e Facenda e rexistradas na contabilidade municipal. Esta información consistirá nunha copia do decreto e un resumo da memoria para cada modificación orzamentaria.

(...)

Dende 1 de xuño de 2021 as funcións relativas á contabilidade enumeradas no artigo 4.2 do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional corresponden no Concello de Santiago de Compostela ao Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade, entre as cales figura a enumerada no artigo 207 do TRLRFL.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Primeiro. Tomar coñecemento da información sobre a execución orzamentaria do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2023 acumulada a 30/06/2023, recollendo os citados estados:

a) A información relativa ao rexistro dos feitos contables por aplicación económica do orzamento de gastos e ingresos ata 30 de xuño de 2023.

b) Un resumo por capítulos da liquidación dos estados dos orzamentos de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables á data referenciada. c) O estado de tesouraría recollendo o saldo inicial, cobros, pagos e saldo final como reflexo dos movementos de tesouraría por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación a 30 de xuño de 2023.

Segundo. Tomar coñecemento da información sobre a execución orzamentaria do organismo autónomo Auditorio de Galicia do exercicio 2023 acumulada a 30/06/2023, recollendo os citados estados:

- a) A información relativa ao rexistro dos feitos contables por aplicación económica do orzamento de gastos e ingresos ata 30 de xuño de 2023.
- b) Un resumo por capítulos da liquidación dos estados dos orzamentos de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables á data referenciada.
- c) O estado de tesouraría recollendo o saldo inicial, cobros, pagos e saldo final como reflexo dos movementos de tesouraría por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación a 30 de xuño de 2023.

Terceiro. Tomar coñecemento das resolucións da concellaría delegada de Economía e Facenda que aproban modificacións orzamentarias rexistradas na contabilidade municipal no segundo trimestre do ano.”

O Pleno da Corporación, acorda:

Primeiro. Tomar coñecemento da información sobre a execución orzamentaria do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2023 acumulada a 30/06/2023, recollendo os citados estados:

- a) A información relativa ao rexistro dos feitos contables por aplicación económica do orzamento de gastos e ingresos ata 30 de xuño de 2023.
- b) Un resumo por capítulos da liquidación dos estados dos orzamentos de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables á data referenciada.
- c) O estado de tesouraría recollendo o saldo inicial, cobros, pagos e saldo final como reflexo dos movementos de tesouraría por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación a 30 de xuño de 2023.

Segundo. Tomar coñecemento da información sobre a execución orzamentaria do organismo autónomo Auditorio de Galicia do exercicio 2023 acumulada a 30/06/2023, recollendo os citados estados:

- a) A información relativa ao rexistro dos feitos contables por aplicación económica do orzamento de gastos e ingresos ata 30 de xuño de 2023.
- b) Un resumo por capítulos da liquidación dos estados dos orzamentos de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables á data referenciada.
- c) O estado de tesouraría recollendo o saldo inicial, cobros, pagos e saldo final como reflexo dos movementos de tesouraría por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación a 30 de xuño de 2023.

Terceiro. Tomar coñecemento das resolucións da concellaría delegada de Economía e Facenda que aproban modificacións orzamentarias rexistradas na contabilidade municipal no segundo trimestre do ano.

15. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2023/00040134A.

TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME ANUAL DA INTERVENCIÓN XERAL SOBRE RESOLUCIÓN ADOPTADAS POLA PRESIDENCIA DA CORPORACIÓN CONTRARIAS A REPAROS E RESUME DE ANOMALÍAS DETECTADAS EN MATERIA DE EXPEDIENTES DE INGRESOS E DE OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

A Intervención Xeral emitiu o 22 de setembro de 2023, elaborou o informe anual de resolución adoptadas pola Presidencia da Corporación aos reparos, así como resume das anomalías detectadas en materia de ingresos e expedientes de omisión da función interventora.

CONSIDERACIÓNS

O RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais establece que o informe referido se elevará ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Tomar coñecemento do informe anual da Intervención Xeral de resolución adoptadas pola Presidencia da Corporación aos reparos, así como resume das anomalías detectadas en materia de ingresos e expedientes de omisión da función interventora.

O Pleno da Corporación, acorda:

Tomar coñecemento do informe anual da Intervención Xeral de resolucións adoptadas pola Presidencia da Corporación aos reparos, así como resume das anomalías detectadas en materia de ingresos e expedientes de omisión da función interventora.

16. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2023/00040064W. TOMAR COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DE DATA 8 DE AGOSTO DE 2023.

O Pleno da Corporación toma coñecemento de resolución da alcaldía de data 8 de agosto de 2023, de delegación das atribucións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, dona María Rozas Pérez, no período comprendido entre os días 12 e 16 de agosto de 2023 (ambos inclusive).

17. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2023/00040064W. TOMAR COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas comprendidas dende o 14 de xullo ao 14 de setembro de 2023.

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

ASUNTO XGL/2023/00031177Q

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 17 de xullo de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00032015A

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 20 de xullo de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00032518P

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 24 de xullo de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00033212G

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 31 de xullo de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00033883P

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 7 de agosto de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00034591A

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 21 de agosto de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00036020Y

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 28 de agosto de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00036369X

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 30 de agosto de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00036630H

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 4 de setembro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00037261M

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 7 de setembro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00037384J

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 11 de setembro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00038057L

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 15 de setembro de 2023.

18. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Interpelación:

1. Formulada polo PSdeG-PSOE sobre a parcela do antigo colexio Peleteiro.

Rogos:

1. Presentado polo PSdeG-PSOE relativo á concesión da medalla ao mérito a dous policía locais.
2. Presentado polo PSdeG-PSOE sobre as obras de accesibilidade as rúas Alexandre Bóveda e Carlos Maside en Vite.
3. Presentado polo PSdeG-PSOE relativo ao mantemento e conservación do xardín vertical do muro da avenida de Lugo.

Preguntas orais:

1. Presentada polo PSdeG-PSOE sobre o aparcadoiro no que se converteu a Carballeira de San Lourenzo os días 24 e 25 de xullo.
2. Presentada polo PSdeG-PSOE sobre o incremento económico no servizo de axuda no fogar.
3. Presentada polo PP sobre as axudas ás comisións de festas.
4. Presentada polo PP sobre a demora na concesión da licenza de remodelación do CEGADI para a posta en marcha dunha unidade de coidados intermedios pública.
5. Presentada polo PP sobre a aportación do concello no coste dos servizos madrugadores e comedores escolares.

19. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Os textos das mocións presentadas e tratadas, son os que a continuación se transcriben:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA INSTAURAR A GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO E MATERIAIS CURRICULARES OBRIGATORIOS

O Grupo municipal do PSdeG-PSOE de Santiago de Compostela, ao abeiro do regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A educación é un dereito básico e tal e como recolle a Constitución “gratuíto” pero en Galicia esta máxima non é unha realidade cando o gasto en libros supón un esforzo económico elevadísimo e en moitos casos inasimilable. O artigo 27.4 da Constitución española establece que “O ensino básico é obrigatorio e gratuíto” e a favor de incluír os materiais curriculares obrigatorios, os libros de texto, se teñen pronunciado todo tipo de institucións e colectivos como O Defensor do Pobo, o Consello Escolar do Estado, ANPA e sindicatos.

Cómpre lembrar, que no ano 2009 coa chegada do señor Feijóo á Presidencia da Xunta de Galicia decidiu acabar co sistema de préstamo universal de libros de texto que viña funcionando tras ser implantado polo goberno presidido polo socialista Emilio Pérez Touriño. Dende aquela, e tal e como o grupo socialista vén denunciando de xeito incansable, as familias galegas padecen un sistema de axudas parciais aplicado polo PP é ineficaz e insuficiente.

O actual sistema mostrouse claramente insuficiente nos últimos cursos escolares. Na actualidade o sistema de "Banco de Libros" co modelo de préstamo e reutilización está difundido en case todas as comunidades autónomas e son xa moi poucas as que manteñen o modelo de bolsa ou axuda económica para adquisición de libros.

Por todos estes motivos, o **Grupo municipal do PSdeG** solicita ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte **acordo**:

O Concello de Santiago de Compostela insta a Xunta de Galicia a:

1. Instaurar a gratuidade dos libros de texto e materiais curriculares obrigatorios para todo o conxunto do alumnado galego nas etapas do ensino obrigatorio público, tal e como xa existe en diversas comunidades autónomas do Estado.
2. Realizar este 2023 unha estratexia ou plan para o ensino rural, en colaboración co conxunto da comunidade educativa, destinado a atallar as desigualdades que padece o alumnado e profesorado do rural, e que contemple todas as accións e os recursos necesarios para fornecer e garantir unha educación de calidade, inclusiva e equitativa.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA LEVAR A CABO O RECUAMENTO DO MURO DA RÚA VEDRA

O Grupo municipal do PSdeG-PSOE de Santiago de Compostela, ao abeiro do regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No pasado mes de febreiro unha fenda no muro de peche e contención no límite da parcela de ADIF coa rúa de Vedra obrigou a pechala ao tráfico por risco de desprendemento. O tránsito de camións cargados pola cota máis elevada da terra contida polo muro por mos das obras da estación intermodal, incrementou a carga que o mesmo estaba a soportar.

Logo dunha inspección dos técnicos municipais acordouse pechar o tránsito en dita rúa, aínda que deixando un paso peonil para a xente que alí vive e que a ten como única vía de acceso ás súas vivendas. Comunicóuselle a ADIF, propietaria da parcela e do muro, retirar a carga de terra por dentro do muro para poder abrir a rúa o tráfico, e tamén de acometer reparacións urxentes do mesmo. E así o fixeron

Paralelamente a estes traballos, o goberno de Sánchez Bugallo iniciou as negociacións co Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) para levar a cabo o recuamento do devandito muro. Chegouse a un principio de acordo no que ADIF aceptaba facer unha cesión de espazo, sempre que o Concello asumise a realización da obra.

Por iso mesmo, encargouse dende o Departamento de Obras un estudo económico para analizar o custo desa actuación. Dito estudo estimou unha inversión total de 323.272,25 euros, actuación que permitiría ampliar a sección actual da rúa ata os 9,37 metros de media, quedando na sección un carril de 3,7 metros e unha zona de aparcamento de 2,20 metros e sendas beirarrúas, mantendo o ancho da beirarrúa actual de (1,46 metros) e os 2 metros da nova beirarrúa. En definitiva un cambio substancial desa rúa, máis accesible e humanizada, que permitiría ademais adaptala ao planeamento vixente.

Por todos estes motivos, o Grupo municipal do PSdeG solicita ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

A Corporación de Santiago de Compostela insta ao Goberno Municipal a:

1. Realizar as xestións necesarias co Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) para levar a cabo a cesión do espazo necesario para a realización da obra.
2. Asumir por parte do Concello a realización do recuamento do muro da rúa Vedra.

MOCIÓN DO PP PARA O USO DE HIMNOS EN ACTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO

O Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tradicionalmente Santiago celebra un acto de irmandamento dedicado a Padrón, incluído na programación das festas do Apóstolo e que se celebra en torno ao cada 31 de xullo, coa súa correspondente réplica na celebración da Pascua padronesa. Máis aló do seu carácter institucional e tradicional, conta cunha forte carga simbólica, que ten a súa raíz nas orixes máis remotas da cidade (a chegada dos restos de Apóstolo Santiago desde Galilea).

Este acto vén lembrarnos os episodios primigenios que compartimos, así como a longa e frutífera tradición comercial e cultural que século tras século non fixo se non reforzar os lazos entre ambos os lugares.

Tras o recibimento oficial na praza do Obradoiro á corporación visitante, do intercambio de pendóns e bastóns de mando e da recepción oficial no pazo de Raxoi, a tradición manda que as bandas de música de ambos os municipios interpreten, unha fronte á outra, ao pé do balcón do Concello varias pezas musicais, que rematan coa interpretación dos himnos de España e Galicia, como demostración da relevancia institucional que ambas as corporacións conceden a este acto. Sendo a banda visitante a quen corresponde interpretar o himno de España.

Tal e como se fixeron eco diferentes medios de comunicación o Goberno local (sen precisar quen) comunica á banda de padrón a través dos seus homónimos de Santiago que non se tocase o himno de España, porque se decidiu non incluílo no programa.

Esta omisión sorprende nos só aos integrantes da banda padronesa senón tamén á súa propia corporación, que á saída do acto por boca do seu alcalde confirmou que na próxima Pascua, cando a corporación compostelá reciba o mesmo homenaxe de irmandamento, o protocolo padronés establecerá que ambas as bandas municipais interpreten ambos os himnos e na súa versión máis longa, xa que quere manter e dar relevo a este histórico acto.

Os himnos nacionais tratan de reflectir a unión, o sentimento de solidariedade e de respecto á historia e tradicións dun país. Son precisamente estes, os que, por encima de ideoloxías partidistas lémbrennos unha historia, un pasado e un territorio común a todos.

Por todo isto e agardando as oportunas explicacións, propoñemos que o Pleno do Concello de Santiago inste ao Goberno local a que adopte o seguinte **acordo**:

Garantir, a través do servizo de protocolo, que nos actos intituacionais de máis relevancia organizados polo Concello, nos que sexa posible, tanto pola súa natureza, como pola tradición, sexa interpretado tanto o himno de Galicia como o de España.

MOCIÓN DEL PP CONTRA LA TRAMITACIÓN DE UNA LEY DE AMNISTÍA

O Partido Popular, de acordo a lo dispuesto en Reglamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión en el Pleno, la siguiente **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El 15 de octubre de 1977 el Congreso de los Diputados aprobó la Ley de Amnistía que siguió el principio de reconciliación nacional que guio nuestra Transición a la democracia. La amnistía era una demanda social y una necesaria e imprescindible impugnación del ordenamiento jurídico de la dictadura. Fue uno de los instrumentos con los que se puso punto final a la represión que sufrió una parte de la sociedad española y uno de los grandes acuerdos que consolidaron nuestro camino a la democracia.

Durante la tramitación de la Constitución de 1978 se debatió la cuestión de la amnistía, ya que se presentaron dos enmiendas para que las Cortes Generales pudieran tener

esa competencia. Las enmiendas fueron rechazadas y, por el contrario, se aprobó el artículo 62 que prohíbe indultos generales. Es decir, el perdón -que sí existe en nuestro ordenamiento y que está regulado en la Ley del Indulto-, debe ser siempre individualizado y nunca con carácter general.

En una democracia europea consolidada, como es la española de 2023, una amnistía, además, atenta contra algunos de los principios básicos del Estado de Derecho como son la exclusividad del poder judicial para juzgar y hacer ejecutar lo juzgado, la igualdad en la aplicación de la ley y la seguridad jurídica. Ni el legislador ni el poder ejecutivo pueden arrogarse la facultad de declarar inmune a un grupo de personas, borrar sus delitos e incluso evitar que sean juzgados como cualquier otro ciudadano. Todo ello además mientras que tanto el Tribunal de Justicia de la UE como el Tribunal Europeo de Derechos Humanos tienen pendiente resoluciones referidas a la cuestión, sobre la que se plantea la posible amnistía y que afectan a España.

En 2017 se produjo un intento de insurrección por parte de los poderes públicos de Cataluña contra el orden Constitucional. La reacción del Estado de Derecho fue la aplicación del artículo 155 de la Constitución y la puesta en marcha de los instrumentos penales contra sus impulsores.

El Tribunal Supremo condenó a sus principales líderes a penas de entre 9 y 13 años por sedición y malversación. Algunos de sus principales responsables huyeron al extranjero. Desde entonces tratan de evitar la acción de los Tribunales españoles y europeos. No fue el único que lo hizo. El pasado 5 de septiembre Puigdemont condicionó la gobernabilidad de España a, entre otras cuestiones, la aprobación de una Ley de Amnistía que favorezca, entre otros, a los encausados por el referéndum ilegal de 2017, en ocasiones por hechos de una violencia extrema.

No es la primera vez que se plantea esta cuestión. Ya en 2021 se registró una iniciativa de estas características en el Congreso y los Letrados emitieron un informe contundente contrario a su tramitación. Además, tanto Pedro Sánchez como ministros de su Gobierno, Juan Carlos Campo, Fernando Grande Marlaska y Carmen Calvo, entre otros muchos dirigentes socialistas, afirmaron en el pasado la inconstitucionalidad de una posible amnistía.

Los hechos jurídicos siguen igual, pero han cambiado las circunstancias políticas. Pedro Sánchez, en un intento desesperado por conservar la Presidencia del Gobierno, se ha abierto a que se pueda tramitar una Proposición de Ley. Además de suponer una inconstitucionalidad flagrante, de nuevo se pretende utilizar un atajo para evitar los controles de legalidad del CGPJ, la Fiscalía y el Consejo de Estado.

El precio de la presidencia no sería solo exculpar centenares de delitos sino deslegitimar el Estado de Derecho y blanquear y considerar la legitimidad de la sedición que se llevó a cabo. En definitiva, un inasumible precio político para cualquier gobernante decente y que la falta de rechazo explícito y contundente por parte del Gobierno está causando una profunda conmoción social.

Por todo esto e proponemos que el Pleno del Concello de Santiago inste al Gobierno local a que adopte los siguientes **acuerdos**:

1. Rechaza cualquier tipo de amnistía o indulto generalizado para cualquier grupo de ciudadanos, cualquiera que sea su delito.

2. Considera que el imperio de la ley es la expresión de la voluntad popular, tal y como establece el preámbulo de la Constitución, y compromete a todos los poderes para su cumplimiento.

3. Anima a los dos partidos mayoritarios a buscar acuerdos de Estado que eviten que la sociedad española se vea sometida a las condiciones ilegales de partidos independentistas.

4. Dar traslado de estos acuerdos a Presidencia del Gobierno, a la Vicepresidencia primera y ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital, a la Vicepresidencia segunda y ministerio de Trabajo y Economía Social, al ministerio de Política Territorial, y a los portavoces parlamentarios en el Congreso y el Senado; así a la Junta de Gobierno de la FEMP.

MOCIÓN DO PP PARA A MELLORA NA EXECUCIÓN DO PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA NA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Convenio entre a Secretaría de Estado de Turismo, a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para a execución do Plan de Sostibilidade Turística na Cidade de Santiago de Compostela foi asinado o 4 de decembro de 2020.

Dentro do obxecto do convenio na cláusula primeira figuran, entre outros:

- Situar as persoas no centro do modelo de desenvolvemento turístico de Santiago de Compostela.
- Impulsar a renovación do modelo turístico da cidade de Santiago de Compostela.
- Dispor dun sistema de intelixencia do turismo e sostibilidade como ferramenta de coñecemento e planificación co obxecto de analizar as dinámicas do turismo na cidade, medir os seus efectos e mellorar na xestión do destino.
- Establecer un novo modelo de gobernanza e xestión do turismo en Santiago de Compostela no marco dunha sociedade aberta na que participan outras entidades públicas e privadas, a cidadanía, os visitantes e outros territorios.
- Recuperar o protagonismo e o liderado turístico de Santiago de Compostela convertendo á cidade nunha referencia mundial na xestión e a reflexión sobre o turismo e a sostibilidade.
- Xerar unha efecto demostración para outros destinos históricos-patrimoniais, a través da posta en marcha dunha serie de proxectos e programas de carácter innovador. Desplegar a metodoloxía Destino Turístico Intelixente en Santiago de Compostela.
- Contribuír á reconstrución económica e social do turismo na cidade a través da diversificación de produtos, ampliar públicos obxectivos e mercados, desestacionalizar e impulsar o desenvolvemento do emprendemento e o capital humano do sector con iniciativas baseadas na sostibilidade, a innovación e a incorporación da tecnoloxía.
- Dar profundidade, calidade e variedade á oferta da cidade, mellorar a calidade da experiencia turística e aumentar a estancia media dos visitantes.
- Recuperar a vitalidade e multifuncionalidade da Cidade Histórica e actualizar a súa actuación co medio.
- Reforzar o Camiño de Santiago como vínculo para a universalidade de Santiago de Compostela.

No anexo do convenio regulábanse as actuacións do plan e figuraban entre outras:

- Eixo 1: Gobernanza estratéxica e activación do sector turístico (reactivación do sector turístico).
- Eixo 2: Destino intelixente, mobilidade sostible e accesibilidade.
- Eixo 3: Cidade histórica e estratexia verde.
- Eixo 4: Transición ecolóxica no sector turístico.
- Eixo 5: Renovación do márketing e creación de novos produtos e experiencias sostibles.

Na cláusula terceira relativa ao custo das actuacións e achegas das partes dispónse que o financiamento do Convenio ascende a 3 millóns de euros a partes iguais entre as administracións implicadas. E na cláusula décimo quinta relativa á vixencia establécese que terá unha duración de catro anos desde a súa sinatura sen prexuízo das posibles prórrogas.

Por todo isto propoñemos que o Pleno do Concello de Santiago inste ao Goberno local a que adopte o seguinte **acordo**:

Que por parte do Concello se poñan os medios axeitados e se intensifique a colaboración e coordinación coas administracións implicadas para acelerar a execución do Plan de sostibilidade turística do Concello de Santiago de Compostela para xerar un novo modelo turístico e de calidade.

MOCIÓN DO PP PARA A CREACIÓN DUN PLAN INTEGRAL DE DIVERSIFICACIÓN ECONÓMICA

O Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Camiño de Santiago é o motor de Santiago de Compostela. Todos compartiremos a opinión sobre a oportunidade que supón que isto sexa así, e o feito de que debemos traballar para que continúe sendo clave no crecemento económico da cidade. Non debemos infravalorar, o feito de que o turismo é fonte de riqueza económica e xeradora de emprego. Nin a importancia de traballar para o seu desenvolvemento sostible, xa que o sector servizos supón e sustento para gran parte das familias e cidadáns de Compostela.

Porén, tamén se sabe que o noso mercado laboral, é excesivamente dependente do sector servizos.

O emprego da cidade é eminentemente turístico. Así o demostran algunhas das noticias que coñecemos ao longo deste verán. Este ano, Santiago recibiu máis visitantes que nunca, aínda que se observou que o número de turistas na cidade, diminuíu durante os meses de xullo e agosto, con respecto aos mesmos meses do ano anterior (un 9% menos en xullo e un 17% en agosto, segundo datos da Oficina de Acolida ao Peregrino).

Este descenso da afluencia de visitantes, coincide cun incremento do desemprego dun 2,2% na cidade durante o mes de agosto. Aumento que sitúa a taxa de paro no 3,5%.

O paro creceu en 90 persoas, pasando de 6.787 en xullo a 6.689 en agosto.

É dicir, a relación é inversamente proporcional, en canto hai unha diminución dos datos turísticos, hai un aumento dos datos do paro.

Esta situación, de excesiva dependencia do sector, trae consigo importantes riscos para a economía local. A pesar disto, este verán tamén coñecemos outras novas relevantes para o emprego e a economía de Santiago, tal como a seguinte: a cidade perdeu no último ano máis da metade das "Empresas Gacela", que tiña en 2021. Estas empresas, tamén denominadas de "alto crecemento", tiveron un peso na área de Santiago de Compostela do 7,4% no 2021, porcentaxe que descende a menos do 5% no 2022 (das 37 existentes só quedan 15).

É evidente, que o goberno saínte non conseguiu facer fronte á dependencia económica do turismo, nin á necesidade de adoptar medidas concretas para diversificar a nosa economía e fortalecer o tecido empresarial, xerando valor engadido e novas oportunidades de emprego.

Polo tanto, tendo en conta o anterior, o Partido Popular propón a este Pleno Municipal que **acorde**:

Primeiro.- A elaboración dun Plan Integral de Diversificación Económica.

Segundo.- O plan debe ter medidas concretas para promover sectores industriais, o apoio a empresas innovadoras e a atracción e retención de "empresas gacela".

Terceiro.- Contarase para a súa elaboración e implementación, con un comité de traballo multidisciplinar, formado por: expertos en economía, empresarios locais de diferentes sectores e representantes da comunidade educativa e civil.

Cuarto.- O plan fomentará a retención do talento local e a promoción da investigación, a tecnoloxía e o emprendemento, como motores de crecemento económico.

Quinto.- O plan deber ter o obxectivo xeral de construír un futuro económico diversificado e competitivo, que sitúe a Compostela como referente económico."

Con respecto á moción formulada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE para instaurar a gratuidade dos libros de texto e materiais curriculares obrigatorios, á que presentou emenda o grupo municipal do PP que non foi aceptada, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do BNG e de CA (6 PSdeG-PSOE, 6 BNG e 2 CA), e 11 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda instar a Xunta de Galicia a:

1. Instaurar a gratuidade dos libros de texto e materiais curriculares obrigatorios para todo o conxunto do alumnado galego nas etapas do ensino obrigatorio público, tal e como xa existe en diversas comunidades autónomas do Estado.

2. Realizar este 2023 unha estratexia ou plan para o ensino rural, en colaboración co conxunto da comunidade educativa, destinado a atallar as desigualdades que padece o alumnado e profesorado do rural, e que contemple todas as accións e os recursos necesarios para fornecer e garantir unha educación de calidade, inclusiva e equitativa.

Con respecto á moción formulada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE para levar a cabo o recuamento do muro da rúa Vedra á que presentaron emendas o BNG e CA e tamén unha emenda transaccional “in voce” por parte do PP, que non foron aceptadas, o Pleno da Corporación por 6 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 19 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP, do BNG e de CA (11 PP, 6 BNG e 2 CA), acorda instar ao Goberno Municipal a:

1. Realizar as xestións necesarias co Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) para levar a cabo a cesión do espazo necesario para a realización da obra.

2. Asumir por parte do Concello a realización do recuamento do muro da rúa Vedra.

Con respecto á moción formulada polo PP para o uso de himnos en actos institucionais do concello, á que presentaron emenda o BNG e CA, que non foi aceptada, e o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE (11 PP e 6 PSdeG-PSOE), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG e de CA (6 BNG e 2 CA), acorda garantir, a través do servizo de protocolo, que nos actos institucionais de máis relevancia organizados polo Concello, nos que sexa posible, tanto pola súa natureza, como pola tradición, sexa interpretado tanto o himno de Galicia como o de España.

Na moción presentada polo PP contra a tramitación dunha lei de amnistía, o Pleno da Corporación por 11 votos a favor dos/as concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, e 14 votos en contra dos/as concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, do PSdeG-PSOE e de CA (6 BNG, 6 PSdeG-PSOE e 2 CA), rexeitase a moción.

No tocante á moción formulada polo PP para a mellora na execución do plan de sostibilidade turística na cidade, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda que por parte do concello se poñan os medios axeitados e se intensifique a colaboración e coordinación coas administracións implicadas para acelerar a execución do Plan de sostibilidade turística do Concello de Santiago de Compostela para xerar un novo modelo turístico e de calidade.

Con respecto á moción formulada polo grupo municipal do PP para a creación dun Plan Integral de Diversificación Económica, á que presentou emenda o grupo municipal do PSdeG-PSOE, e tras ser aceptada o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

Primeiro.- A elaboración dun Plan Integral de Diversificación Económica.

Segundo.- O plan debe ter medidas concretas para promover sectores industriais, o apoio a empresas innovadoras e a atracción e retención de “empresas gacela”.

Terceiro.- Contarase para a súa elaboración e implementación, con un comité de traballo multidisciplinar, formado por: expertos en economía, empresarios locais de diferentes sectores e representantes da comunidade educativa e civil. Todo iso articulado a través do Consello Económico e Social do Concello de Santiago.

Cuarto.- O plan fomentará a retención do talento local e a promoción da investigación, a tecnoloxía e o emprendemento, como motores de crecemento económico.

Quinto.- O plan deber ter o obxectivo xeral de construír un futuro económico diversificado e competitivo, que sitúe a Compostela como referente económico.

A Alcaldesa pecha a sesión ás 17:57 horas. Dou fe.